2 Mercado de traballo e relacións laborais

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

A evolución observada na economía en xeral e no mercado laboral en particular no ano 2019 en Galicia segue sendo favorable, con ritmos de crecemento e de creación de emprego elevados aínda que máis moderados que en anos anteriores e nun entorno de gran incerteza e variabilidade a nivel internacional.

En media anual, o mercado de traballo en Galicia acada un incremento na ocupación de 17.900 persoas, un descenso na poboación parada de 20.000 persoas, xunto ao descenso da poboación activa, que no último ano foi de 2.400 persoas. O número medio de afiliados á Seguridade Social en Galicia no ano 2019 medrou en torno a 17.000 persoas e o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego descendeu en 11.400 persoas respecto ao ano anterior.

Ao longo do ano 2019 os indicadores de ocupación seguen mostrando datos positivos, aínda que, como se sinalaba anteriormente, esta evolución tende a ralentizarse acadando taxas de crecemento inferiores ás do ano anterior; neste senso a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 1,6% fronte ao 2,4% no ano anterior, as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social medran un 1,7% fronte ao 2,4% en 2018. As contas económicas de Galicia reflicten un crecemento interanual do 1,2% nos postos de traballo equivalentes a tempo completo (2,2% en 2018), sendo a porcentaxe de incremento do ano 2019 a máis reducida dende o ano 2015.

Os datos de poboación desempregada seguen sendo favorables en 2019, con descensos tanto da poboación parada estimada pola EPA (–12,1%) como no desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego (–6,5%), aínda que en ambos casos modéranse de xeito considerable as caídas en relación ás rexistradas no exercicio anterior (15,2% e 10,1% respectivamente de caída no ano 2018).

O aumento da poboación ocupada, e afiliada á Seguridade Social, e o descenso da poboación parada, deben matizarse tendo en conta que tal como ven acontecendo ao longo dos últimos anos, o incremento do PIB en Galicia non consegue frear o descenso da poboación activa. En 2019 esta redución foi do 0,2% respecto ao ano anterior, o que supón unha caída de 2.400 persoas activas; cómpre destacar sen embargo que a caída de

Mercado de traballo 2008-19: principais indicadores

	2008	2016	2017	2018	2019	19/18	19/08
		(en miles de persoas)				*(%)*	
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	957,5	977,7	1.001,4	1.018,8	1,7	-5,0
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.349,8	2.341,9	2.334,0	2.335,3	0,1	-2,7
Poboación activa	1.314,8	1.256,1	1.248,3	1.243,5	1.241,1	-0,2	-5,6
Poboación ocupada	1.201,2	1.040,6	1.052,7	1.077,6	1.095,2	1,6	-8,8
Poboación parada	113,6	215,4	195,6	165,9	145,9	-12,1	28,4
Poboación parada moi longa duración (1)	14,7	93,6	80,5	59,2	45,6	-23,0	210,7
		(%)				*(puntos porcentuais)*	
Taxa de actividade	54,8	53,5	53,3	53,3	53,1	-0,1	-1,6
Taxa de ocupación	50,0	44,3	45,0	46,2	46,9	0,7	-3,1
Taxa de paro	8,6	17,1	15,7	13,3	11,8	-1,6	3,1
Taxa de paro xuvenil *(menores 25 anos)*	21,1	40,3	34,5	32,5	28,0	-4,5	6,9
Taxa de temporalidade *(%)*	30,4	26,2	27,0	26,6	26,5	-0,1	-3,9
		(en miles de persoas)				*(%)*	
Paro rexistrado	162,5	212,6	194,4	174,7	163,2	-6,5	0,4
Contratos iniciais indefinidos	46,4	45,2	49,6	55,5	47,3	-14,8	1,8
Contratos iniciais temporais	706,1	897,2	970,0	983,5	995,8	1,2	41,0
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	28,5	33,4	43,1	43,2	0,2	3,7

(1) máis de dous anos
Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.1.

poboación activa no último ano foi a metade da rexistrada en 2018. A evolución da poboación activa e a mellora da ocupación en Galicia coadxuvan nunha mellora da taxa de paro, que descende ata o 11,8% (14,1% en España), 1,6 puntos porcentuais inferior á estimada en 2018.

En relación aos obxectivos da Estratexia Europa 2020 en materia de emprego, a taxa de ocupación para a poboación de 20 a 64 anos mantén a tendencia ascendente iniciada en 2014, situándose en Galicia no ano 2019 no 68% segundo os datos de Eurostat, porcentaxe semellante ao rexistrado tanto no conxunto do Estado (68%) e inferior a da UE-28 (73,1%). En relación ao obxectivo do 74% fixado por España para o ano 2020 (75% no caso da UE), 2019 presenta o menor diferencial dende o ano 2009, situándose 6 puntos por baixo no último ano, (5,6 puntos por baixo en 2008). Entre os homes, a taxa de ocupación ascende a 71,6% (74% en España e 78,9% na Unión Europea), en tanto que no caso das mulleres esta taxa acada un valor de 64,4% (64,4% en España e 67,2% na UE).

Asemade, hai que considerar tamén a taxa de abandono escolar temperá e a porcentaxe da poboación de 30-34 anos con estudios terciarios como indicadores da Estratexia 2020 relacionados co emprego, se ben nesta memoria son tratados á hora de analizar o ámbito educativo. Non obstante, cómpre indicar que Galicia cumpre xa co obxectivo de elevar ata o 40% da poboación de 30 a 34 con estudios terciarios indicado para a UE, situándose en 2019 no 46,6%. Por contra, a taxa de abandono temperá sitúase en Galicia no 12,6%, porcentaxe que se sitúa por riba do obxectivo fixado para a UE (10%) como para España (15%).

Afiliacións á Seguridade Social

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no ano 2019 acadou a cifra de 1.018.800 para o total do sistema, o que supón un incremento en relación á media do ano anterior de 17.362 afiliacións (1,7%). Para o conxunto estatal o número de afiliacións sitúase en 2019 en 19.278.721, rexistrando un incremento do 2,6% con respecto á media do ano anterior. Por tanto o incremento de afiliacións en Galicia representan o 3,5% do incremento no conxunto do Estado en 2019.

Tendo en conta a evolución temporal das afiliacións,

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-19 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
			(en miles de persoas)				*(%)*
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,7
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,7
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,7
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,6
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.299,5	5,6
2014	921,8	393,9	115,0	98,2	314,8	16.556,0	5,6
2015	941,2	402,6	116,8	99,2	322,6	17.087,3	5,5
2016	957,5	410,0	118,4	99,9	329,2	17.600,8	5,4
2017	977,7	419,0	119,9	101,0	337,7	18.222,5	5,4
2018	1.001,4	428,1	121,9	102,5	348,9	18.787,4	5,3
2019	1.018,8	436,3	123,2	103,0	356,3	19.278,7	5,3
			(taxas de variación interanual)				
19/18	1,7	1,9	1,1	0,4	2,1	2,6	
19/08	-5,0	-2,2	-7,4	-7,6	-6,7	1,4	

(1) datos anuais: en medias anuais
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.2.

entre os anos 2008 e 2013, as afiliacións descenden en máis de 155.000 persoas, o que representa unha taxa de variación media anual acumulativa do –3,1%, porcentaxe similar ao do conxunto do Estado (–3,0%). Dende ese ano 2013 ata a actualidade, a taxa de variación media anual acumulativa da afiliación en Galicia é sensiblemente inferior á do conxunto do Estado, acadando o 2,1% en Galicia fronte ao 3,4% de media en España. En termos absolutos, ao longo dos anos de recuperación económica as afiliacións medraron en Galicia en 101.400 afiliacións (3,4% do total español).

O número medio de afiliacións á S.S. aumentou en relación ao ano anterior en todas as provincias galegas, pero é a provincia de Pontevedra a que presenta o maior incremento relativo interanual cunha taxa de variación do 2,1%, o que supón 7.300 afiliacións máis, así como a provincia de A Coruña cun 1,9% de incremento e 8.300 afiliacións máis que en 2018. Estas dúas provincias acollen o 77,8% das afiliacións totais rexistradas en Galicia en 2019 (**cadro 2.1.2.**).

No último ano, o número de persoas afiliadas incrementouse en seis dos sete grandes concellos galegos. O maior incremento deuse nos concellos de Pontevedra (2,2% máis), Santiago de Compostela e Vigo (1,8% máis en ambos casos). Pola contra, o concello de Ferrol experimentou unha diminución do 0,2% na súa cifra de persoas afiliadas á Seguridade Social.

Entre os anos 2008 e 2013, as afiliacións en alta laboral na Seguridade Social descenderon na provincia de Pontevedra en case 69 mil persoas afiliadas, o que representa unha caída media anual do 3,9%. As outras tres provincias galegas presentan nese período de tempo un descenso interanual inferior á media española, sendo esta caída do 2,9% en Lugo e de en torno ao 2,5% en Ourense e A Coruña.

Nos últimos seis anos, as catro provincias galegas incrementan o volume de afiliados á Seguridade Social, sendo Pontevedra a que o fai a un maior ritmo, cunha variación media anual do 2,6%, por diante de A Coruña, cun 2,2%, e Lugo e Ourense, cun 1,4% e 1%, respectivamente. En termos absolutos, entre os anos 2013 e 2019 as persoas afiliadas medraron en 45.100 na provincia de A Coruña, sendo esta medra de 42.900 afiliados en Pontevedra. En Lugo e Ourense, os incrementos ascenderon a 8.400 e 5.000 afiliados máis.

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,3% das afiliacións galegas en 2019, aumentaron un 2,6%

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2008-19 (1): distribución segundo réxime

	2008	2012 (2)	2018	2019	19/18
					(%)
Total	1.077.918	946.229	1.001.430	1.018.792	1,7
Réxime Xeral (2)	790.747	699.697	767.355	787.270	2,6
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	678.793	734.647	755.223	2,8
S.E. Agrario	-	4.759	5.554	5.753	3,6
S.E.E. Fogar	-	16.145	27.154	26.294	-3,2
Réxime Especial Autónomos	236.669	215.867	212.808	210.420	-1,1
non S.E.T.A	-	183.112	188.097	186.821	-0,7
S.E.T.A	-	32.754	24.711	23.600	-4,5
Réxime Especial Agrario	4.480	-	-	-	-
conta allea	4.480	-	-	-	-
conta propia	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	23.079	21.268	21.102	-0,8
conta allea	14.385	577	11.768	11.714	-0,5
conta propia	11.178	10.038	9.499	9.387	-1,2
Réxime Minería e Carbón	41	1	-	-	-
Réxime Especial Empregados Fogar	20.417	7.585	-	-	-
Continuos	12.332	4.087	-	-	-
Discontinuos	8.086	3.498	-	-	-

(1) medias anuais
(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)
Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.3.

en relación ao ano anterior, acadando as 787.270 persoas afiliadas (**cadro 2.1.3.**). En España o incremento de afiliacións no Réxime xeral foi do 3,1% en relación ao ano anterior. Por provincias, un ano máis Lugo é a que presenta unha menor porcentaxe de afiliacións no réxime xeral (71,1%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, agás Pontevedra onde se mantén estable, presentan taxas de variación interanual negativas. O descenso medio na Comunidade sitúase no 1,1%, estando por riba da media galega, Lugo (-3,4%) e Ourense (-2,5%); esta evolución contrasta co incremento interanual do 0,6% das afiliacións a este réxime no conxunto do Estado. No último ano o réxime especial de autónomos contaba con 210.420 afiliacións, o 20,6% do total, acollendo o réxime especial do mar 21.102 afiliacións.


A análise das afiliacións segundo sector de actividade mostra como o 5,8% das afiliacións en alta laboral de persoas que residen en Galicia corresponden a actividades relacionadas coa agricultura e a pesca; o 14,3% rexístranse no sector industrial; o 7,7% na construción e o 71,2% corresponden a actividades do sector servizos.

Tal como se recolle no informe de afiliacións do Instituto Galego de Estatística, os concellos cunha maior porcentaxe de traballadores e traballadoras afiliadas no sector primario atópanse no interior, nas comarcas coruñesas de Xallas, Terra de Melide e Arzúa, e na comarca do Deza. Debido ás afiliacións no réxime especial do mar, municipios como a Illa de Arousa, Camariñas ou Muxía presentan altas porcentaxes de afiliacións no sector primario.

A industria ten maior peso nos municipios do sur da provincia de Pontevedra, na comarca de Valdeorras, Barbanza, Caldas e O Sar. No que respecta á construción, sobresaen os municipios da zona da costa da morte e, por outra banda, na meirande parte dos municipios do sur de Ourense o peso da construción tamén é superior á media galega. Finalmente, o sector servizos amosa un maior peso nos sete grandes concellos e nos seus municipios limítrofes.

O aumento en case 17.500 afiliacións acaecido en Galicia no último ano explícase fundamentalmente pola evolución do sector servizos, que incrementa o seu volume de afiliación en 14.300 persoas. Segundo os datos de afiliacións no último día de cada mes, o sector ser-

Afiliacións á Seguridade Social 2008-19 (1): distribución segundo sectores de actividade



(1) taxas de variación das medias anuais CNAE 2009
Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.4.

vizos acada en 2019 un total de 730.464 afiliacións (2% máis que no ano anterior), manténdose como o único sector de actividade que presenta unha situación mellor que antes da crise económica. O sector industrial, con cincoanos consecutivos de incremento, rexistra en 2019 un total de 145.639 afiliacións, 1.275 máis que no ano anterior, o que representa un 17,2% menos que no ano 2008. A construción segue a mesma tendencia que o conxunto das ramas industriais e, tras unha medra interanual do 2,3%, acada as 77.944 persoas afiliadas. O sector primario continúa experimentando unha redución de afiliacións ano tras ano dende 2008, acadando no último ano un total de 59.150 afiliacións, un 27,1% menos que no ano 2008.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, as 25 ramas que en 2019 teñen máis de 10.000 afiliados acollen o 79,2% da afiliación en Galicia, porcentaxe similar á do ano anterior (79,5%). O "comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas" é a rama cun maior número de afiliacións, con 106.649 no último ano (10,5% do total galego), por diante dos servizos de comidas e bebidas, con 69.029 afiliacións (6,8%), e as actividades sanitarias, con 62.323 afiliacións (6,1%).

Tal e como reflicte o **cadro 2.1.5.**, as actividades que presentan un maior incremento de afiliacións son as correspondentes a educación, con 4.803 afiliacións máis que no ano anterior. No extremo oposto, a caída de afiliacións máis importante en termos absolutos prodúcese novamente na rama de "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria", con 1.698 afiliacións menos, así mesmo, por segundo ano consecutivo, o subsector de comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas, presenta unha caída de 299 afiliacións.

No informe de afiliacións do Instituto Galego de Estatística, tomando como referencia o Índice de especialización produtiva elaborouse un índice de especialización laboral partindo da información das afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade e comarca de residencia. Este indicador resulta de dividir o peso de cada rama na afiliación total da comarca

Afiliacións á Seguridade Social 2018-19: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2018		2019		19/18
	(número)	*(%)*	*(número)*	*(%)*	*(%)*
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	106.948	10,7	106.649	10,5	-0,3
56 Servizos de comidas e bebidas	67.406	6,8	69.029	6,8	2,4
86 Actividades sanitarias	60.744	6,1	62.323	6,1	2,6
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	58.793	5,9	57.095	5,6	-2,9
43 Actividades de construción especializada	48.384	4,8	49.477	4,9	2,3
85 Educación	44.450	4,5	49.253	4,9	10,8
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.207	4,8	48.485	4,8	0,6
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	36.926	3,7	36.104	3,6	-2,2
49 Transporte terrestre e por tubaxe	32.623	3,3	33.164	3,3	1,7
10 Industria da alimentación	29.668	3,0	30.388	3,0	2,4
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	26.851	2,7	27.506	2,7	2,4
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	27.587	2,8	26.695	2,6	-3,2
41 Construción de edificios	23.432	2,3	24.159	2,4	3,1
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.170	2,2	22.270	2,2	0,5
96 Outros servizos persoais	19.173	1,9	19.693	1,9	2,7
03 Pesca e acuicultura	18.811	1,9	18.505	1,8	-1,6
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	16.098	1,6	16.766	1,7	4,1
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.859	1,5	14.894	1,5	0,2
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	13.600	1,4	14.677	1,4	7,9
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.854	1,4	13.954	1,4	0,7
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	12.845	1,3	13.498	1,3	5,1
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	12.394	1,2	13.158	1,3	6,2
87 Asistencia en establecementos residenciais	11.662	1,2	12.300	1,2	5,5
78 Actividades relacionadas co emprego	12.564	1,3	12.116	1,2	-3,6
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	11.324	1,1	11.945	1,2	5,5
Subtotal (ramas con máis de 10.000 afiliacións)	791.373	79,3	804.103	79,2	1,6
Total	997.776	100	1.015.254	100	1,8

(1) ramas CNAE 2009;
Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.5.

entre o peso desa mesma rama na afiliación total de Galicia. A rama de especialización laboral da comarca será aquela na que se rexistre o indicador máis elevado. Este índice de especialización laboral de cada comarca no mes de decembro, mostra que boa parte da provincia de Lugo, a Costa da Morte, o interior da provincia da Coruña e algunhas comarcas de Ourense están especializadas no sector primario.As comarcas onde se localizan os sete grandes concellos galegos, a excepción de Vigo e Ferrol, están especializadas no sector servizos, ao igual que a comarca da Baixa Limia.

As comarcas de Ferrol e Vigo están especializadas, pola súa parte, na rama da fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais.

Hai tres comarcas con especialización produtiva na rama da enerxía, subministración de auga e xestión de residuos (Terra de Trives, Ordes e o Eume); cinco están especializadas na industria agroalimentaria (O Salnés, O Ribeiro, O Barbanza, O Carballiño e Verín).

A industria da madeira, papel e mobles sobresae nas comarcas de Betanzos, Tabeirós-Terra de Montes e Terra de Celanova; as industrias extractivas e fabricación doutros produtos minerais non metálicos dan traballo a unha parte importante da poboación ocupada residente nas comarcas de Quiroga, Valdeorras, O Baixo Miño, O Condado e Ortegal.

Emprego segundo a EPA

A evolución observada na economía e no mercado laboral galego no ano 2019 segue sendo favorable, con ritmos de crecemento e de creación de emprego elevados aínda que máis moderados nun entorno de elevada incerteza. En media anual, o mercado de traballo en Galicia acada un incremento na ocupación de 17.900

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2019: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
				(en miles de persoas)					*(%)*	
Galicia	2.335,3	1.241,1	1.095,2	145,9	133,9	12,0	1.094,2	53,1	46,9	11,8
A Coruña	968,8	531,0	476,9	54,2	50,6	3,5	437,8	54,8	49,2	10,2
Lugo	289,7	147,8	134,7	13,1	11,8	1,3	141,9	51,0	46,5	8,9
Ourense	269,8	128,5	111,9	16,6	14,7	2,0	141,3	47,6	41,5	12,9
Pontevedra	807,0	433,7	371,7	62,0	56,8	5,2	373,3	53,7	46,1	14,3
España	39.269,3	23.027,1	19.779,3	3.247,8	2.915,1	332,7	16.242,2	58,6	50,4	14,1
			(%)							
Galicia / España	5,9	5,4	5,5	4,5	4,6	3,6	6,7		*(puntos porcentuais)*	
19/18										
Galicia	0,1	-0,2	1,6	-12,1	-10,6	-25,5	0,3	- 0,1	0,7	- 1,6
España	1,0	1,0	2,3	-6,6	-6,7	-5,8	1,0	- 0,0	0,7	- 1,2

Homes

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
				(en miles de persoas)					*(%)*	
Galicia	1.116,6	643,0	573,9	69,1	62,7	6,4	473,6	57,6	51,4	10,7
A Coruña	460,3	273,8	248,3	25,4	23,6	1,8	186,5	59,5	53,9	9,3
Lugo	139,9	76,4	70,6	5,7	5,2	0,5	63,6	54,6	50,5	7,5
Ourense	129,4	66,6	58,4	8,2	7,2	1,0	62,7	51,5	45,1	12,3
Pontevedra	387,0	226,3	196,5	29,7	26,8	3,0	160,8	58,5	50,8	13,1
España	19.094,5	12.273,4	10.745,6	1.527,8	1.373,1	154,7	6.821,0	64,3	56,3	12,4
				(%)						
Galicia / España	5,8	5,2	5,3	4,5	4,6	4,1	6,9		*(puntos porcentuais)*	
19/18										
Galicia	0,0	0,1	2,0	-13,1	-14,0	-3,0	-0,1	0,1	1,0	- 1,6
España	1,0	0,5	2,0	-8,8	-9,0	-6,4	1,8	- 0,3	0,6	- 1,3

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
				(en miles de persoas)					*(%)*	
Galicia	1.218,7	598,0	521,2	76,8	71,1	5,6	620,6	49,1	42,8	12,8
A Coruña	508,5	257,3	228,5	28,8	27,1	1,7	251,2	50,6	44,9	11,2
Lugo	149,7	71,4	64,0	7,4	6,6	0,7	78,3	47,7	42,8	10,4
Ourense	140,4	61,9	53,5	8,4	7,5	1,0	78,6	44,1	38,1	13,6
Pontevedra	420,0	207,4	175,2	32,2	30,0	2,2	212,5	49,4	41,7	15,5
España	20.174,8	10.753,7	9.033,7	1.720,0	1.542,0	178,0	9.421,1	53,3	44,8	16,0
				(%)						
Galicia / España	6,0	5,6	5,8	4,5	4,6	3,1	6,6		*(puntos porcentuais)*	
19/18										
Galicia	0,1	-0,6	1,2	-11,1	-7,5	-40,4	0,7	- 0,3	0,5	- 1,5
España	1,0	1,4	2,7	-4,7	-4,6	-5,3	0,5	0,2	0,8	- 1,0

Fonte: INE-IGE, *EPA*


2.1.6.

persoas e un descenso na poboación parada de 20.000 persoas, xunto ao descenso da poboación activa, que no último ano foi de 2.400 persoas.

• Poboación activa

Un ano máis redúcese en Galicia o número de persoas activas, con 2.400 menos que no ano anterior, un descenso que se ven producindo dende o ano 2013. No último ano o número de activos sitúase en 1.241.100 persoas, dos que 643.000 son homes e 598.000, mulleres. O descenso no volume de poboación activa galega concéntrase no sexo feminino, con 3.400 mulleres activas menos (-0,6%), e entre as persoas de nacionalidade española, con 5.400 persoas menos (-0,5%). Fronte a este descenso, a poboación activa masculina medra en 900 persoas (0,1%), en tanto que no caso da poboación estranxeira, este incremento foi de 3.000 persoas (4,9%).

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-19: distribución segundo sexos



Fonte: INE, *EPA*

2.1.7.

Ampliando o marco temporal, no período 2008-2019, a poboación activa galega reduciuse en 73.700 persoas, o que supón un descenso medio anual do 0,5%, porcentaxe significativamente superior ao do conxunto do Estado onde se mantén practicamente estable (–0,02%). Tanto a poboación activa masculina como feminina presenta en Galicia unha evolución peor que a media estatal, rexistrándose no citado período unha caída media anual da poboación activa masculina do 1% en Galicia (82.600 activos menos) fronte ao -0,6% de media en España, en tanto que no caso das mulleres a poboación activa medra un 0,1% (8.900 mulleres máis) fronte ao incremento do 0,7% no Estado.

Como consecuencia da cada vez maior idade media da poboación en Galicia, non parece anómalo que a poboación activa en Galicia se reduza en todos os grupos de idade agás nos maiores de 55 anos (**cadro 2.1.6.**). Analizando franxas de idade de catro anos, en termos absolutos os maiores descensos prodúcense na franxa de idade de 35 a 39 anos e de 30 a 34 anos, con 7.500 e 5.600 activos menos respectivamente. Tal como se sinalou anteriormente, en termos globais o descenso da poboación activa en Galicia concéntrase na poboación feminina, por idades os maiores descenso de poboación activa feminina son os de 35 a 39 anos (5.300 activas menos) e de 25 a 29 anos (3.200 activas menos). Por tanto a perda de poboación activa en Galicia ten un perfil feminino de menos de 40 anos. Pola contra no último ano aumenta a poboación activa de máis 40 anos con 13.900 persoas activas máis (o 69,6% mulleres), dos que 10.500 teñen máis de 50 anos

A taxa de actividade, entendida como o cociente entre o número total de activos e o total da poboación de 16 e máis anos, mantense constante no ano 2019, situándose no 53,1%. Esta taxa acada o seu valor máis reducido en toda a serie analizada (**gráfico 2.1.7.**), situándose 5,5 puntos inferior á media estatal (58,7%). Por Comunidades Autónomas, Galicia presenta a segunda taxa de actividade máis reducida do Estado, só por diante de Asturias. A taxa de actividade feminina segue a ser notablemente inferior á masculina, con taxas do 49,1% e 57,6%, respectivamente, o que supón un diferencial de 8,5 puntos porcentuais, fronte aos 16,1 puntos de diferencial existente en 2008.

No ano 2019, segundo a Enquisa de fluxos da poboación activa, 58.050 persoas pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia, en torno a 450 persoas

máis que no ano anterior. Por outra banda, un total de 57.675 persoas saíron da actividade en 2019, fronte ás 58.050 que o fixeron no ano anterior. O saldo entre as entradas e as saídas da actividade no ano 2019 foi positivo, pasaron á situación de actividade 375 persoas máis das que a abandonaron.

O fluxo total de entrada á ocupación sitúase de media no ano 2019 en 58.675 persoas, cifra similar á do ano anterior. Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación aumentou ata as 58.100 persoas, o que supón 5.125 persoas máis que no ano 2018.

O número de persoas que estaban paradas en 2019 e que xa non o están é de 63.975 persoas, cifra inferior en 8.375 persoas á do ano anterior. Así mesmo o fluxo de entradas ao paro acada ás 63.750 persoas, 2.450 menos que en 2018.

• **Poboación ocupada**

No ano 2019 en Galicia o emprego aumenta en 17.600 ocupados, un 1,6%, ata acadar 1.095.200. A medra do 1,6% da ocupación en Galicia é dúas décimas inferior á experimentada de media en España no mesmo período.

A diferencia do acontecido en anos anteriores, no ano 2019 tanto en termos absolutos como relativos, o incremento da poboación ocupada é superior no caso dos homes que entre as mulleres. No último ano, a ocupación feminina medra en Galicia en 6.200 persoas (1,2%) fronte ás 11.300 persoas no caso da ocupación masculina (2,0%). Seguindo coa tendencia existente entre Galicia e España, o dinamismo da ocupación en Galicia é inferior ao do conxunto do Estado, moi similar en torno ao 2% de crecemento na ocupación no caso dos homes, pero notablemente inferior no caso das mulleres, onde a ocupación no Estado medra un 2,7% fronte ao 1,2% en Galicia.

No ano 2019 a taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de ocupados e a poboación en idade de traballar, aumenta sete décimas en relación ao ano anterior ata o 46,9%. Esta taxa ascende ao 51,4% no caso dos homes, case nove puntos superior á estimada para a ocupación feminina (42,8%).

Dende un punto de vista de posicionamento territorial, Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, só por diante de Asturias (43,5%), Estremadura (43,7%) e Andalucía (44,8%). No caso dos homes, tan só Asturias presenta unha taxa inferior (47,6%), en tanto que a taxa de ocupación feminina galega ocuparía unha posición intermedia (sétima C.A. co valor máis reducido).

A poboación ocupada que máis medra en termos absolutos é a que ten máis de 55 anos, con 9.100 ocupados máis no ano 2019, seguido das persoas con idades comprendidas entre 25 e 54 anos con 6.800 máis. Se se observa a súa desagregación segundo sexo, o **cadro 2.1.8.** reflicte diferenzas entre as dinámicas de homes e mulleres, xa que o incremento da ocupación entre as mulleres prodúcese fundamentalmente nas maiores de 55 anos (4.900 ocupadas máis), fronte aos homes que presentan unha maior ocupación nas franxa entre 25 e 54 anos (5.300 ocupados máis que no ano 2018) .

Por sectores, o ano 2019 mostra, tras o descenso do ano anterior, un importante repunte na ocupación do sector industrial en Galicia, que reporta máis da metade do incremento de ocupación no dito ano. Asemade, aumenta a poboación ocupada no sector servizos e construción, descendendo no sector primario.

En relación ás variacións interanuais de ocupación a nivel sectorial no Estado, destaca o sector industrial, que presenta un mellor comportamento en Galicia, ao medrar un 6,1% fronte ao 4,6% en España. Por contra, o sector servizos medra un 0,7% fronte ao incremento do 2,4% en España, a construción mantén variacións similares, do 4,2% en Galicia, fronte ao 4,6% de media no Estado e finalmente, a ocupación no sector primario descende en Galicia un 1,9%, mesma porcentaxe que na media estatal.

O sector industrial ocupa a 179.400 persoas en Galicia no ano 2019, 10.400 persoas máis que no ano anterior. Este notable aumento sitúa o sector industrial co 16,4% da ocupación total en Galicia, inferior ao 17,9% que acollía no ano 2008.

O sector servizos acolleu en 2019 un total de 779.000

Poboación maior de 16 anos 2018-19: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2018			2019			19/18			Galicia / España 2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.334,0	1.116,2	1.217,8	2.335,3	1.116,6	1.218,7	0,1	0,0	0,1	5,9	5,8	6,0
Activos	1.243,5	642,1	601,4	1.241,1	643,0	598,0	-0,2	0,1	-0,6	5,4	5,2	5,6
Poboación ocupada	1.077,6	562,6	515,0	1.095,2	573,9	521,2	1,6	2,0	1,2	5,5	5,3	5,8
Poboación parada	165,9	79,5	86,4	145,9	69,1	76,8	-12,1	-13,1	-11,1	4,5	4,5	4,5
Parados que xa traballaron	149,8	72,9	76,9	133,9	62,7	71,1	-10,6	-14,0	-7,5	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	16,1	6,6	9,4	12,0	6,4	5,6	-25,5	-3,0	-40,4	3,6	4,1	3,1
Poboación inactiva	1.090,5	474,1	616,4	1.094,2	473,6	620,6	0,3	-0,1	0,7	6,7	6,9	6,6
16-19 anos												
Total	85,9	44,4	41,5	87,4	45,2	42,3	1,7	1,8	1,9	4,7	4,7	4,7
Activos	8,7	5,4	3,4	8,4	5,3	3,0	-3,4	-1,9	-11,8	3,1	3,4	2,6
Poboación ocupada	4,6	3,5	1,1	4,9	3,2	1,7	6,5	-8,6	54,5	3,3	3,6	2,8
Poboación parada	4,2	1,9	2,2	3,5	2,1	1,4	-16,7	10,5	-36,4	2,8	3,1	2,5
Parados que xa traballaron	1,5	0,7	0,8	1,2	0,9	0,3	-20,0	28,6	-62,5	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	2,6	1,2	1,5	2,3	1,2	1,0	-11,5	0,0	-33,3	2,8	2,8	2,6
Poboación inactiva	77,2	39,0	38,1	79,1	39,8	39,2	2,5	2,1	2,9	4,9	4,9	5,0
20-24 anos												
Total	108,4	55,4	53,1	108,0	55,2	52,8	-0,4	-0,4	-0,6	4,7	4,7	4,7
Activos	49,1	26,0	23,0	48,2	27,3	20,9	-1,8	5,0	-9,1	3,8	4,0	3,6
Poboación ocupada	34,5	18,3	16,1	35,9	20,2	15,8	4,1	10,4	-1,9	4,0	4,1	4,0
Poboación parada	14,6	7,7	6,9	12,3	7,1	5,2	-15,8	-7,8	-24,6	3,3	3,7	2,8
Parados que xa traballaron	8,3	4,7	3,6	8,3	5,1	3,2	0,0	8,5	-11,1	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	6,3	3,0	3,3	4,0	2,0	2,0	-36,5	-33,3	-39,4	3,4	3,4	3,3
Poboación inactiva	59,4	29,3	30,0	59,8	27,9	31,9	0,7	-4,8	6,3	5,8	5,7	5,8
25-54 anos												
Total	1.108,5	551,9	556,4	1.096,6	545,8	550,7	-1,1	-1,1	-1,0	5,5	5,4	5,5
Activos	956,4	491,0	465,6	948,7	488,5	460,1	-0,8	-0,5	-1,2	5,4	5,3	5,6
Poboación ocupada	835,0	434,6	400,7	841,8	439,9	401,8	0,8	1,2	0,3	5,5	5,4	5,7
Poboación parada	121,4	56,4	64,9	106,9	48,6	58,3	-11,9	-13,8	-10,2	4,7	4,8	4,7
Parados que xa traballaron	114,8	54,1	60,6	101,3	45,6	55,9	-11,8	-15,7	-7,8	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	6,7	2,3	4,3	5,6	3,1	2,4	-16,4	34,8	-44,2	4,4	5,9	3,2
Poboación inactiva	152,0	60,9	90,9	148,0	57,5	90,7	-2,6	-5,6	-0,2	5,7	6,9	5,1
≥ 55 anos												
Total	1.031,3	464,6	566,7	1.043,2	470,4	572,8	1,2	1,2	1,1	7,0	6,8	7,1
Activos	229,1	119,8	109,3	235,8	121,8	114,0	2,9	1,7	4,3	5,9	5,5	6,3
Poboación ocupada	203,5	106,4	97,1	212,6	110,6	102,0	4,5	3,9	5,0	6,0	5,6	6,5
Poboación parada	25,8	13,4	12,3	23,3	11,3	12,1	-9,7	-15,7	-1,6	4,7	4,5	5,0
Parados que xa traballaron	25,4	13,3	12,0	23,0	11,3	11,8	-9,4	-15,0	-1,7	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	0,4	0,1	0,3	0,2	-	0,2	-50,0	-	-33,3	3,5	#¡VALOR!	4,5
Poboación inactiva	802,1	344,8	457,2	807,2	348,5	458,9	0,6	1,1	0,4	7,3	7,4	7,3

Fonte: IGE, *EPA*

2.1.8.

persoas ocupadas en Galicia, o que supón o 71,1% do total de ocupados (75,5% en España). Comparado coa estrutura produtiva en 2008, o seu peso relativo aumenta en máis de oito puntos (62,9% en 2008), incremento superior ao do conxunto do Estado, cunha medra de 7,4 puntos (68,1% en 2008). Tras unha medra de 5.700 persoas en relación ao ano anterior, este sector é o único que acada niveis de ocupación superiores aos obtidos antes da crise económica.


Dos 5.700 ocupados máis existentes en Galicia neste sector, 7.400 o están no grupo de "Actividades sanitarias e de servizos sociais"; 6.200 nas "Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais"; e 4.800 en "Actividades profesionais, científicas e técnicas". No último ano, os subsectores cun maior descenso na ocupación son os de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas" con 9.800 persoas ocupadas menos, así como o de "Transporte e almacenamento" con 1.900 empregos menos.

Tal como se sinalou anteriormente, a ocupación no sector industrial medra en 10.400 persoas no último ano

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-19: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
	(en miles de persoas)							
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2009	94,8	195,7	116,3	748,6	788,1	2.807,6	1.889,8	13.621,4
2010	88,3	172,7	104,9	738,7	786,1	2.650,5	1.651,4	13.636,6
2011	83,5	176,4	91,3	738,1	755,3	2.604,7	1.403,9	13.657,6
2012	79,5	164,9	79,3	723,4	743,4	2.483,7	1.161,3	13.244,2
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2014	66,1	154,0	67,1	710,7	735,8	2.379,9	993,5	13.234,9
2015	63,7	159,5	73,6	720,4	736,8	2.482,3	1.073,7	13.573,3
2016	71,4	161,9	71,8	735,5	774,5	2.522,2	1.073,8	13.970,9
2017	75,2	171,2	66,6	739,7	819,5	2.647,4	1.128,3	14.229,6
2018	68,0	169,0	67,3	773,3	812,6	2.708,3	1.221,8	14.585,1
2019	66,7	179,4	70,1	779,0	797,3	2.763,1	1.277,9	14.941,0
I	63,6	171,6	65,1	780,0	839,7	2.708,5	1.281,4	14.641,6
II	67,1	177,4	67,1	787,1	809,3	2.764,5	1.276,4	14.954,7
III	69,5	185,1	73,7	777,4	746,2	2.815,8	1.269,9	15.042,4
IV	66,7	183,4	74,5	771,3	793,9	2.763,7	1.283,9	15.125,4
2019-08 (%)	-30,9	-16,6	-47,8	3,1	-3,7	-14,6	-48,1	7,1

(taxas de variación interanuais)



Fonte: INE, *EPA*

2.1.9.

(6,1%). Tras este importante aumento, o sector ocupa en Galicia a un total de 179.400 persoas, o que representa o 16,4% da poboación ocupada (17,9% en 2008), porcentaxe superior en máis de dous puntos ao peso relativo en España en 2019 (14%). Dende o ano 2013 a industria galega logrou recuperar 25.400 empregos dos case 62.000 que se perderan entre os anos 2008 e 2013. A poboación ocupada en Galicia neste sector en 2019 é un 16,6% inferior á estimada en 2008 (35.700 persoas menos) (**cadro 2.1.9.**).

Dentro do sector industrial cómpre destacar que case a totalidade do emprego creado no sector no ano 2019 en Galicia corresponde á industria manufactureira, que emprega no último ano a un total de 164.800 persoas, 10.500 máis que no ano precedente (6,8%). O emprego nesta rama de actividade representa o 15,1% do emprego total de Galicia, 1,1 puntos porcentuais menos que antes da crise económica. O peso do emprego no sector manufactureiro en Galicia sobre o total é sensiblemente superior á media española que, no ano 2019, se sitúa no 12,2%.

No que respecta ao sector primario, no ano 2019 continúa o descenso no volume de poboación ocupada, cunha caída de 1.300 persoas, acollendo un total de 66.700 persoas ocupadas, o 6,1% da poboación ocupada en Galicia, dúas décimas menos que no ano an-

terior e dous puntos porcentuais menos que en 2008. Dende o comezo da crise económica, a ocupación no sector tan so aumentou nos anos 2016 e 2017, polo que en 2019 a poboación ocupada no sector se sitúa un 30,9% por baixo da estimada en 2008 (29.900 persoas ocupadas menos).

Finalmente, a ocupación no sector da construción presenta un incremento de 2.800 persoas respecto ao ano anterior (4,2% máis), ascendendo a poboación ocupada ata 70.100 persoas, o 6,4% do total de Galicia (6,5% en España). Tendo en conta que dende o comezo da crise tan só os anos 2015, 2018 e 2019 experimentan unha medra da ocupación neste sector, a poboación ocupada na construción no último ano é un 47,8% inferior da estimada en 2008 (64.100 persoas menos). No conxunto do Estado, esta porcentaxe é do 48,1%.

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo a súa situación profesional (**cadro 2.1.10.**), o mercado de traballo galego presenta, un aumento tanto das persoas ocupadas por conta propia como asalarias. Distinguindo por sexos só se produce unha caída no número de traballadoras por conta propia en relación ao ano anterior.

No ano 2019 en Galicia rexístranse 216.600 persoas traballadoras por conta propia, 1.500 máis que no ano anterior (0,7% de aumento), o que representa o 20% da súa poboación ocupada, moi por encima da media estatal que foi do 15,7% en 2019. A importancia relativa destes traballadores en comparación coa media estatal ponse de manifesto no feito de que o seu peso relativo tan só é inferior ao estimado en Estremadura (21,3%).

A evolución da poboación ocupada por conta propia agacha dúas realidades diferentes, por unha banda a caída en 2.500 do número das persoas empregadoras (-3,7% menos), e o aumento en 4.300 do número de persoas empresarias sen asalariados (3,1% máis), aumentando tamén os membros de cooperativas (200 persoas máis) e caendo as axudas na empresa ou negocio familiar (300 persoas menos). Atendendo á distribución segundo sexo, cómpre resaltar un descenso, aínda que con desigual intensidade, do número de empregadores (2.400 menos, -5,6% en relación ao ano anterior), e do número de empregadoras (-0,6%, 200 menos que en 2018). Unha evolución dispar rexístrase tamén no volume de poboación empresaria sen asalariados, xa que aumenta un 6,3% o número de empresarios sen asalariados (5.100 máis), fronte ao descenso do 1,3% no número de empresarias sen asalariados (800 menos).

O número de asalariados increméntase no último ano en 16.000 persoas (1,8%), influenciado pola evolución positiva dos asalariados no sector privado (19.400 máis; 2,9%) que compensan a redución de asalariados no sector público (3.400 asalariados menos, -1,8%). Tras esta evolución, o número total de asalariados ascende en Galicia a 878.300 persoas (80,2% da poboación ocupada galega en 2019, fronte ao 76,7% en 2008), das que 691.000 persoas o están no sector privado (78,7% dos asalariados en 2019, fronte ao 78,5% en 2008).

Atendendo á desagregación segundo o nivel formativo, o 53,4% das persoas ocupadas posúen estudios secundarios ou equivalentes (585.000 persoas), sendo esta porcentaxe superior á media española (50,8%); así mesmo o 43,7% da poboación ocupada galega acredita estudios superiores (478.600 persoas), porcentaxe semellante á rexistrada de media no Estado (43,8%). Ao igual que acontece en España, o peso relativo da ocupación masculina é superior á feminina no caso das persoas con estudios secundarios (58,2% dos homes ocupados fronte ao 48,1% no caso das mulleres no caso galego), a diferenza do que acontece entre a poboación con estudos superiores, xa que o 49,2% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 38,7% no caso dos homes.

O maior incremento de ocupación no pasado exercicio prodúcese entre as persoas con estudios de educación superior, con 16.800 persoas ocupadas máis (8.800 mulleres e 8.000 homes máis que no ano anterior), aumentando en 15.100 persoas os ocupados que teñen estudios secundarios (11.500 homes e 3.700 mulleres). En termos porcentuais, o número de persoas con estudios superiores medra un 3,6% (3,6% no caso das mulleres e 3,7% no dos homes), mentres que aumenta un 2,7% o de persoas con educación secundaria (3,6% entre os homes e 1,5% entre as mulleres).

Poboación ocupada en Galicia e España 2019: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 19/18		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)					
Total	573,9	521,3	1.095,2	5,3	5,8	5,5	2,0	1,2	1,6
Sectores económicos									
Agricultura	41,9	24,9	66,7	6,8	13,4	8,4	-0,1	-5,0	-1,9
Industria	128,8	50,6	179,4	6,4	6,8	6,5	4,9	9,6	6,2
Construción	64,9	5,2	70,1	5,6	4,6	5,5	3,3	16,8	4,2
Servizos	338,4	440,6	779,0	4,9	5,5	5,2	1,0	0,5	0,7
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	128,8	87,8	216,6	6,3	8,3	7,0	1,8	-0,7	0,7
Empregador	40,1	25,6	65,8	6,0	8,9	6,9	-5,6	-0,6	-3,7
Empresarios sen asalariados	85,4	58,2	143,6	6,4	8,1	7,0	6,3	-1,3	3,1
Membros cooperativas	0,8	1,0	1,8	5,2	9,9	7,2	6,7	14,3	12,3
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	3,0	5,5	7,0	7,6	7,3	-16,0	5,3	-6,0
Asalariados	444,9	433,5	878,3	5,1	5,4	5,3	2,1	1,6	1,8
Sector público	75,3	112,1	187,4	5,3	6,2	5,8	-6,9	1,9	-1,8
Sector privado	369,7	321,3	691,0	5,1	5,2	5,1	4,1	1,5	2,9
Outra situación	0,2	-	0,2	3,7	-	2,6			
Ocupación									
Directores e xerentes	23,1	11,5	34,6	4,4	4,4	4,4	-12,4	-4,0	-9,8
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	80,0	107,7	187,7	5,0	5,2	5,1	3,7	1,1	2,2
Técnicos e profesionais de apoio	76,1	43,2	119,2	5,8	5,3	5,6	12,7	-0,3	7,6
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	34,3	72,7	107,0	5,0	5,3	5,2	-4,7	4,7	1,5
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	82,8	160,8	243,6	4,7	6,1	5,5	-1,0	-2,2	-1,8
Trab. cualificado no sector primario	31,5	22,1	53,6	8,8	26,8	12,1	2,9	-5,7	-0,9
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	128,6	16,7	145,3	6,4	10,0	6,7	5,6	11,2	6,2
Operadores	74,9	14,9	89,8	5,6	7,4	5,9	0,9	4,0	1,4
Ocupacións elementais	37,4	70,9	108,3	3,6	4,9	4,3	-8,2	7,0	1,2
Ocupacións militares	5,2	0,9	6,1	5,2	7,4	5,4	13,7	60,9	18,4
Grupos de idade									
16-19 anos	3,2	1,7	4,9	3,6	2,7	3,3	-6,5	46,7	7,7
20-24 anos	20,2	15,8	35,9	4,1	4,0	4,0	10,1	-2,3	4,2
25-34 anos	100,5	90,3	190,8	5,0	5,0	5,0	-0,1	-2,6	-1,3
35-44 anos	173,0	156,4	329,4	5,5	5,8	5,7	0,7	-1,4	-0,3
45-54 anos	166,5	155,1	321,5	5,4	6,1	5,7	2,7	3,9	3,3
55 e máis anos	110,6	102,0	212,6	5,6	6,5	6,0	4,0	5,0	4,5
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos	0,4	0,5	0,7	1,8	3,5	1,8	41,7	-4,8	-18,2
Educación primaria	17,2	13,7	31,0	2,6	3,6	3,0	-32,3	-30,4	-31,4
Educación. secundaria	334,3	250,7	585,0	5,7	6,0	5,8	3,6	1,5	2,7
Educación superior	222,0	256,6	478,6	5,3	5,7	5,5	3,7	3,6	3,6

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, *EPA*


2.1.10.

Das 17.600 persoas ocupadas máis que se estiman en Galicia no ano 2019 en relación ao ano anterior, 12.600 son de nacionalidade española ou dobre nacionalidade, e 5.000 son estranxeiros. Entre os novos ocupados de nacionalidade estranxeira salientan a leve caída por procedentes da UE (100 persoas ocupadas menos) así como dos nacionais do "Resto do Mundo" con 2.800 persoas ocupadas menos, fronte ao incremento en 7.900 dos ocupados procedentes de América Latina, o que supón un aumento do 45,7% en relación a 2018.

Temporalidade e duración da xornada de traballo

Tal como se sinalou anteriormente, a creación de emprego en Galicia no ano 2019, segundo datos da EPA, concentrouse case exclusivamente no colectivo de asalariados, cun incremento de 16.000 ocupados, consecuencia do aumento de ocupación no sector privado (19.400 ocupados máis) que compensa a caída na ocupación no sector público (3.400 persoas menos).

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-19: distribución segundo sexo



Fonte: INE, *EPA*

2.1.11.

Atendendo á distribución segundo tipo de contrato estimada pola EPA (**cadro 2.1.12.**), obsérvase, tal como aconteceu no ano anterior, que o número de asalariados con contrato indefinido aumenta en maior medida que os asalariados con contrato temporal. Os asalariados indefinidos medran en 2019 en 12.500 persoas, o que supón unha medra interanual do 2% respecto ao ano anterior.

O emprego temporal aumenta en 3.500 persoas asalariadas, un 1,5% máis que no ano anterior. A pesar de esta evolución, no último a taxa de temporalidade mantense estable, só unha décima por debaixo da acadada no ano anterior, situándose no 26,5%, dúas décimas superior á media española.

A contratación indefinida aumenta en homes con moita maior intensidade que no caso das mulleres (8.800 contratos indefinidos máis en homes, e 3.700 máis para mulleres), fronte a un maior aumento da contratación temporal feminina (3.300 contratadas temporais máis en 2019) que no caso dos homes (200 contratados temporais máis). Esta dinámica reflíctese nun descendo da taxa de temporalidade masculina (25,1% en 2019 cinco décimas menos que no ano anterior), e nun aumento no caso das mulleres (27,8% en 2019, tres décimas máis que en 2018). No ano 2019, a taxa de temporalidade feminina é 2,7 puntos superior á masculina.

Desagregando por idades, resultado dun incremento do 4,5% na contratación temporal de persoas maiores de 35 anos, a súa taxa de temporalidade aumenta ata o 19,7%, tres décimas máis que no ano anterior, o que a sitúa como a porcentaxe máis elevada dende o comezo da crise económica. Por contra, a temporalidade descende ata o 48,4% entre os menores de 35 anos (49,3% no ano anterior) como consecuencia dun incremento da contratación indefinida do 1% e un descenso dos contratos temporais do 2,2%.

A contratación temporal aumenta no ano 2019 tanto no sector público como no privado, a diferenza do acontecido coa contratación indefinida que só aumenta no sector privado, diminuíndo no sector público. Deste xeito, a taxa de temporalidade no sector privado descende ata o 26,7% aumentando no caso do sector público, que se sitúa en 25,6% (27,3% e 24,1% respectivamente no ano anterior).

Tal como se sinalou anteriormente, no último ano o incremento de asalariados en Galicia é consecuencia do incremento no sector privado que compensa a caída acaecida no sector público.Os asalariados con contratos temporais medran no sector privado un 0,8% de media anual fronte ao 4,2% no caso do sector público. A contratación indefinida presenta unha taxa de variación interanual media do 3,6% na esfera privada fronte á caída

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2018-19: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

2018

	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						*(%)*		
Galicia	144,8	488,5	46,0	183,1	190,8	671,6	24,1	27,3	26,6
Homes	66,6	257,7	14,2	97,4	80,8	355,1	17,6	27,4	25,6
Mulleres	78,3	230,8	31,7	85,7	110,0	316,5	28,8	27,1	27,5
España	2.349,8	9.532,5	800,7	3.551,2	3.150,5	13.083,7	25,4	27,1	26,8
Homes	1.115,3	5.163,5	279,9	1.922,9	1.395,2	7.086,4	20,1	27,1	26,0
Mulleres	1.234,5	4.369,0	520,8	1.628,3	1.755,4	5.997,3	29,7	27,2	27,7

2019

	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						*(%)*		
Galicia	139,5	506,3	47,9	184,6	187,4	691,0	25,6	26,7	26,5
Homes	61,9	271,2	13,4	98,5	75,3	369,7	17,8	26,6	25,1
Mulleres	77,6	235,2	34,5	86,2	112,1	321,3	30,8	26,8	27,8
España	2.331,1	9.962,5	891,4	3.485,5	3.222,5	13.448,0	27,7	25,9	26,3
Homes	1.108,4	5.382,2	306,1	1.901,9	1.414,6	7.284,0	21,6	26,1	25,4
Mulleres	1.222,7	4.580,3	585,3	1.583,7	1.808,0	6.164,0	32,4	25,7	27,2

Fonte: INE-IGE, *EPA*

2.1.12.

do 3,7% no ámbito público. No período 2008-2019 o número de asalariados con contrato indefinido aumenta en 8.700 persoas no sector privado e diminúe en 3.900 persoas no ámbito público. No caso dos contratos temporais, o descenso no sinalado período 2008-2019 foi de 40.800 contratos no sector privado e de 6.600 contratos no sector público.

Dende o punto de vista da duración da xornada de traballo, a EPA en Galicia (**cadro 2.1.13.**) reflicte que no ano 2019 a taxa de variación interanual do emprego a tempo parcial foi moi superior ao de tempo completo, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado onde a evolución de ambas taxas foi semellante. O incremento interanual do emprego a xornada parcial foi do 6,8% (9.900 persoas) en tanto que a xornada a tempo completo aumenta un 0,8% (7.700 persoas máis). En España, a ocupación a tempo completo medra por riba da media galega (2,3% respecto ao ano anterior) en tanto que o emprego a tempo parcial o fai por baixo (2,3%). Tras esta evolución, un total de 155.600 persoas teñen en Galicia un traballo a tempo parcial, o que supón que o seu peso relativo na poboación ocupada galega aumenta ata o 14,2% fronte ao 13,5% do ano 2018 (14,6% no conxunto do Estado), e 939.600 teñen un contrato a tempo completo, o 85,8% do total (85,3% en España).

A desagregación por tipo de xornada de traballo e sexo da poboación ocupada continúa reflectindo no ano 2019 a desigual situación dos homes e as mulleres. Dunha banda, o 75,2% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia en 2019 son mulleres, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43%. A taxa de ocupación a tempo parcial das mulleres é do 22,4%, fronte ao 6,7% dos homes.

No ano 2019 a EPA estima que en Galicia hai un total de 117.000 mulleres ocupadas a tempo parcial, 4.300 máis que no ano anterior (3,8% máis), fronte aos 38.600 homes, 5.600 máis que no ano precedente (17% máis). Entre os anos 2008 e 2013 o incremento medio anual da ocupación a tempo parcial entre as mulleres sitúase no 1,9% (9.700 persoas en total), case

Poboación ocupada en Galicia e España 2018-19: distribución segundo tipo de xornada de traballo

2018

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	(en miles de persoas)					
Galicia	931,9	145,7	529,6	33,0	402,3	112,7
España	16.497,1	2.830,7	9.810,9	721,1	6.686,2	2.109,6
Galicia/España *(%)*	5,6	5,1	5,4	4,6	6,0	5,3


2019

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	(en miles de persoas)					
Galicia	939,6	155,6	535,3	38,6	404,3	117,0
España	16.882,8	2.896,6	9.997,4	748,3	6.885,4	2.148,4
Galicia/España *(%)*	5,6	5,4	5,4	5,2	5,9	5,4

Fonte: INE, *EPA*

2.1.13.

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-19 (1): distribución segundo sexos



(1) 2008=100
Fonte: INE, *EPA*

2.1.14.

a metade do estimado no caso dos homes (5.800 ocupados), en tanto que a xornada a tempo completo redúcese de media un 3,1% nas mulleres (62.800 persoas ocupadas menos entre os dous anos considerados) e un 5,1% nos homes (147.500 persoas). Dende o inicio da recuperación económica, a ocupación a tempo parcial aumenta a un ritmo medio anual 1% entre as mulleres (7.025 persoas máis en total), aumentando no caso dos homes nun 1,6% de media ao ano 3.425 ocupados a tempo parcial máis entre 2013 e 2019). Neste último período de tempo, o incremento medio anual da xornada a tempo completo no caso das mulleres sitúase no 1,7% (38.450 mulleres ente os dous anos considerados) e un 1,3% no caso dos homes (39.925 máis).

Contratos de traballo en Galicia 2008-19 distribución segundo modalidade do contrato

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo
			(%)	
2008	794.170	75,2	24,2	0,6
2009	683.131	72,7	26,6	0,6
2010	680.624	71,2	28,2	0,6
2011	671.449	68,4	30,9	0,6
2012	693.365	63,2	36,3	0,6
2013	706.778	62,7	36,7	0,5
2014	786.193	62,9	36,6	0,5
2015	877.834	63,0	36,5	0,5
2016	944.114	62,3	37,1	0,6
2017	1.020.962	62,6	36,9	0,5
2018	1.082.126	63,3	36,0	0,6
2019	1.086.121	62,8	36,5	0,7
19/18 (%)	0,4	-0,9	1,3	17,5

Fonte: IGE

2.1.15.

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividade de comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 27.700 persoas ocupadas cunha xornada parcial, e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, con 23.700 persoas ocupadas a tempo parcial, o que supón en torno ao16% das persoas ocupadas en cada unha destas actividades. No caso da hostalería, o 24,7% do emprego total está ocupado a tempo parcial (20.200 persoas).

Máis da metade das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2019 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa. Segundo datos da EPA, no último ano un total de 84.100 persoas ocupadas consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial, sendo esta porcentaxe do 60% no caso dos homes (23.100 persoas) e do 52% no das mulleres (61.000 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 17,6% (20.600 mulleres), en tanto que entre os homes o segundo motivo está vinculado á formación, cun 10,1% (3.900 homes).

Fluxos de entrada no mercado de traballo. Contratacións

No último ano asináronse un total de 1.086.232 contratos, un 0,4% máis que ano anterior (4.106 contratos máis), manténdose a tendencia ascendente iniciada en 2012. O ritmo de crecemento do número de contratos no último ano é o máis reducido dende o comezo da recuperación económica. Dado que este incremento é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (1%), o seu peso relativo no total estatal cae lixeiramente ata o 4,8%, una décima menos que no ano anterior.

Do total de contratos, 1.043.046 corresponden a contratos iniciais e os restantes 43.186 a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, os contratos iniciais medran un 0,4% (4.021 contratos máis) e as conversións en indefinidos un 0,2% (85 contratos).

No ano 2019 en Galicia o 91,7% dos contratos son contratos de duración temporal, fronte ao 4,4% dos contratos indefinidos e o 4% restante corresponde ás conversións en indefinidos.No concernente aos contratos iniciais, o devandito incremento só afecta aos contratos de duración temporal (1,2% máis que no ano anterior, fronte ao 1,7% de aumento a nivel estatal), reducíndose os contratos iniciais de duración indefinida (-14,8% menos que no ano anterior, fronte ao descenso

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2019: distribución segundo tipo

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España	19/18	
		(%)		(%)		(%)		Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	47.269	4,4	25.845	4,6	21.424	4,1	3,6	-14,8	-8,5
Indefinido ordinario	46.644	4,3	25.458	4,5	21.186	4,1	3,6	-14,8	-8,5
Indefinido persoas con discapacidade	625	0,1	387	0,1	238	0,0	5,6	-15,4	-4,6
Contratos de duración temporal	995.777	91,7	516.900	91,2	478.877	92,1	4,9	1,2	1,7
Obra ou servizo	334.995	30,8	201.057	35,5	133.938	25,8	4,1	-2,1	-1,0
Eventual segundo circunstancias da produción	549.978	50,6	278.678	49,2	271.300	52,2	5,3	4,7	5,2
Interinidade	92.944	8,6	26.492	4,7	66.452	12,8	6,0	0,4	-0,9
Temporais pers. discapacidade	1.723	0,2	1.085	0,2	638	0,1	6,7	5,6	2,3
Relevo	326	0,0	155	0,0	171	0,0	4,0	-68,8	-58,1
Xubilación parcial	742	0,1	515	0,1	227	0,0	4,4	-67,0	-56,9
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	31	0,0	4	0,0	27	0,0	4,4	63,2	14,6
Contrato en prácticas	5.056	0,5	2.629	0,5	2.427	0,5	6,1	-19,5	-23,1
Contrato para a formación	2.474	0,2	1.165	0,2	1.309	0,3	6,3	-31,5	-25,3
Outros contratos	7.508	0,7	5.120	0,9	2.388	0,5	8,4	-9,0	1,6
Contratos convertidos en indefinidos	43.186	4,0	23.749	4,2	19.437	3,7	5,2	0,2	-0,3
Total contratos	1.086.232	100	566.494	100	519.738	100	4,8	0,4	1,0

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.16.

do 8,5% de media no Estado) (**cadro 2.1.16.)**. Atendendo á súa distribución segundo sexos na contratación indefinida, 25.845 contratos foron asinados por homes (4.828 menos que no ano precedente) e 21.424 por mulleres (3.399 menos). A taxa de caída da contratación indefinida nos homes sitúase no 15,7%, fronte ao 13,7% de descenso rexistrado no caso das mulleres.

Os contratos indefinidos asinados en Galicia en 2019 concéntranse, no caso das mulleres, no grupo de idade de maiores de 45 anos, con 7.149 contratos, e na franxa entre 30 e 39 anos con 5.964, o que representa o 33,4% e 27,8% dos contratos indefinidos entre as mulleres. No caso dos homes, os pertencentes á franxa entre 30 e 39 anos concentran o 30,1% dos contratos indefinidos (7.771 contratos), e os maiores de 45 anos, o 29,9% (7.743 contratos) (**cadro 2.1.17.**).

Dos 46.644 contratos indefinidos ordinarios iniciais e de fomento de emprego asinados en Galicia en 2019, un total de 27.355 son a xornada completa, 12.786 a tempo parcial e 6.503 fixos descontinuos. O 63,6% dos contratos indefinidos a tempo completo son asinados por homes, 17.403 contratos, fronte ao 36,4% asinados por mulleres (9.952 contratos), mentres que o 69,6% dos contratos indefinidos a tempo parcial son a mulleres (8.901 contratos).

Tal como se sinalou anteriormente, o número de contratos temporais en Galicia medrou un 1,2% no último ano, cinco décimas menos que na media do Estado, asinándose un total de 995.777 contratos temporais, o que representa o 91,7% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma, do total de contratos temporais asinados, corresponden a homes o 51,9% dos contratos (516.900 contratos) e a mulleres o 48,1% restante (478.877). O incremento rexistrado na contratación temporal en relación ao ano anterior é similar para homes e mulleres (1,3% e 1,1%, respectivamente).

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo son os máis numerosos, acollendo o 55,2% e o 33,6% da contratación temporal total, respectivamente.

Se se ten en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de asalariados temporais, o índice de rotación laboral mantense estable en Galicia nos 4,3 contratos por asalariado temporal fronte aos 4,6 contratos no conxunto do Estado (2,5 e

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2019: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/ España
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	≥ 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	≥ 45	(%)
Contratos de duración indefinida												
Indefinido (bonificado/non bonificado)	46.644	2.797	3.490	7.683	3.932	7.556	2.268	3.049	5.906	2.931	7.032	3,6
Indefinido persoas con discapacidade	625	21	26	88	65	187	15	12	58	36	117	5,6
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	334.995	30.522	28.719	56.595	28.634	56.587	22.119	20.875	37.161	18.393	35.390	4,1
Eventual segundo circunstancias da produción	549.978	54.996	46.545	78.216	35.274	63.647	54.155	46.229	70.001	36.356	64.559	5,3
Interinidade	92.944	3.054	4.807	8.284	3.705	6.642	5.990	9.436	16.708	10.072	24.246	6,0
Temporais persoas con discapacidade	1.723	51	80	270	202	482	36	59	161	110	272	6,7
Relevo	326	10	21	56	28	40	7	23	44	29	68	4,0
Xubilación parcial	742	0	0	0	0	515	0	0	0	0	227	4,4
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	31	1	0	2	0	1	3	6	13	1	4	4,4
Contrato en prácticas	5.056	1.285	912	358	39	35	1.055	895	340	71	66	6,1
Contrato para a formación	2.474	641	134	108	49	233	676	127	146	88	272	6,3
Outros contratos	7.508	582	603	1.221	734	1.980	389	613	738	202	446	8,4
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	12.272	355	942	2.540	1.294	2.478	245	654	1.597	784	1.383	5,4
Eventual segundo circunstancias da produción	27.124	1.693	2.463	4.456	2.094	3.519	1.554	2.395	4.113	1.856	2.981	5,0
Interinidade	1.148	44	103	171	55	88	52	161	234	91	149	4,8
Temporais para persoas con discapacidade	377	5	13	59	52	119	1	9	27	33	59	6,0
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	9	0	0	0	0	1	0	3	3	1	1	6,3
Contrato en prácticas	1.855	297	487	177	6	4	177	555	132	13	7	6,4
Contrato de relevo	212	2	13	78	15	29	1	10	30	17	17	6,0
Contrato para a formación	169	34	36	16	0	0	29	35	19	0	0	5,3
Outros contratos	20	0	1	5	1	4	0	1	4	2	2	5,9

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.17.

Contratos iniciais segundo duración do contrato 2018-19

	2018	(%)	(%)	2019	(%)	(%)	19/18 (%)
Total	1.069.672	100		1.069.537	100		0,0
Indefinidos	58.190	5,4		49.820	4,7		-14,4
Temporais	1.011.482	94,6	100	1.019.717	95,3	100	0,8
Menos de 1 semana	375.618	35,1	37,1	367.297	34,3	36,0	-2,2
De 1 semana a 1 mes	113.797	10,6	11,3	114.394	10,7	11,2	0,5
De 1 a 6 meses	174.289	16,3	17,2	185.933	17,4	18,2	6,7
De 6 meses a 1 ano	25.727	2,4	2,5	24.344	2,3	2,4	-5,4
Máis de 1 ano	4.214	0,4	0,4	2.366	0,2	0,2	-43,9
Indeterminado	317.837	29,7	31,4	325.383	30,4	31,9	2,4

(1) Número de contratos segundo lugar de residencia do traballador
Fonte: IGE

2.1.18.

Contratos iniciais de traballo 2019: distribución segundo sector económico

	Total		Agricultura		Industria		Construcción		Servizos	
	2019	19/18 (%)	2019	19/18 (%)	2019	19/18 (%)	2019	19/18 (%)	2019	19/18 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	46.644	-14,8	4.391	-4,7	5.114	-15,1	4.408	-5,9	32.731	-17,0
Persoas con discapacidade	625	-15,4	20	-20,0	72	12,5	56	36,6	477	-21,7
Obra ou servizo	334.995	-2,1	19.544	4,9	56.656	-6,6	24.510	-3,6	234.285	-1,4
Eventual circunstancias produción	549.978	4,7	7.989	8,0	74.390	-1,5	11.385	-0,7	456.214	5,8
Interinidade	92.944	0,4	768	-30,5	8.660	0,4	442	25,9	83.074	0,7
Temporal persoas discapac.	1.723	5,6	41	-14,6	212	6,0	79	-21,8	1.391	8,4
Relevo	326	-68,8	1	-	89	-54,8	11	-62,1	225	-72,6
Xubilación parcial	742	-67,0	8	-46,7	378	-52,8	37	-67,5	319	-75,9
Sustitución xubilación 64 anos	31	63,2	-	-	-	-	1	-	30	57,9
Prácticas	5.056	-19,5	27	28,6	844	-14,7	320	-38,5	3.865	-18,6
Formación	2.474	-31,5	4	-33,3	81	-35,7	51	-33,8	2.338	-31,3
Outros contratos	7.508	-9,0	5	-72,2	20	-33,3	13	-50,0	7.470	-8,7
Total	1.043.046	0,4	32.798	2,9	146.516	-4,4	41.313	-3,5	822.419	1,4

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.19.

3,0 contratos en 2008, respectivamente). Este grado de rotación é sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando en Galicia os 4,6 e 4,0 contratos por asalariado temporal, respectivamente. No ano 2008, tanto as mulleres como os homes asinaron 2,5 contratos por persoa asalariada temporal (2,9 contratos entre as mulleres no conxunto do Estado e 3,0 entre os homes).

Atendendo á duración dos contratos, os datos proporcionados polo IGE sinalan que os contratos temporais máis numerosos son os que teñen unha duración inferior a unha semana, ao concentrar o 36% dos contratos temporais (34% do total de contratos iniciais). Séguelle en importancia, a causa do volume dos contratos por obra ou servizo determinado, os contratos cunha duración indeterminada, que representan o 31,9% dos contratos temporais. Tal e como se desprende do **cadro 2.1.18.**, o 47% dos contratos temporais asinados en Galicia tiveron en 2019 unha duración inferior a un mes, e un 18% dos contratos temporais foron de un a seis meses.

O **cadro 2.1.19.** mostra a distribución sectorial dos contratos iniciais. O 78,8% do total de contratos son asinados polo sector servizos (822.419 contratos), acollendo a industria o 14% do total (146.516 contratos), a construción un 4% e o sector primario o restante 3,1% (41.313 e 32.798 contratos, respectivamente). Os sectores servizos e primario son os únicos onde no ano 2019 se rexistra un maior número de contratos que no ano anterior, fronte a redución no número de contratos asinados nos sectores industrial e construción. O sector servizos sitúase como o sector de maior crecemento en termos absolutos (11.350 contratos máis) e o sector primario o de maior incremento en termos porcentuais (2,9% máis). Fronte a estes incrementos, a industria rexistra un descenso do 4,4% nos contratos asinados (6.746 contratos menos), e a construción volve a presentar unha redución no último ano, rexistrándose unha caída nos contratos iniciais rexistrados do 3,5% (1.513 contratos menos).

A desagregación sectorial por tipo de contrato mostra como, no ámbito do sector servizos destacan polo seu número os contratos eventuais por circunstancias da produción. Neste senso, o 55,5% do total de contratos iniciais do sector terciario son contratos deste tipo, polo que o 83% dos contratos eventuais rexistrados en Galicia en 2019 pertencen ao sector servizos. Por outra banda, os contratos predominantes na construción e no sector primario corresponden aos contratos por obra ou servizo, ao representar o 60% dos contratos iniciais asinados en cada un dos ditos sectores (33% de media en Galicia).

Contratos de traballo en Galicia e España 2019: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
		(% / total)		*(% / total)*	*(%)*
Sector primario	32.798	3,1	3.112.258	14,4	1,1
Agricultura, gandería, silvicutura e pesca	32.798	3,1	3.112.258	14,4	1,1
Industria	146.516	14,0	2.163.489	10,0	6,8
Industrias extractivas	600	0,1	6.424	0,0	9,3
Industria manufactureira	140.454	13,5	2.037.125	9,4	6,9
Subnistro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	299	0,0	5.540	0,0	5,4
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	5.163	0,5	114.400	0,5	4,5
Construción	41.313	4,0	1.171.983	5,4	3,5
Servizos	822.308	78,8	15.226.355	70,3	5,4
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	112.533	10,8	2.089.154	9,6	5,4
Transporte e almacenamento	105.606	10,1	1.352.077	6,2	7,8
Hostalería	248.915	23,9	4.394.495	20,3	5,7
Información e comunicación	21.017	2,0	594.070	2,7	3,5
Actividades financeiras e seguros	4.696	0,5	94.719	0,4	5,0
Actividades inmobiliarias	945	0,1	51.334	0,2	1,8
Activ. prof. cient.e tecn.	29.257	2,8	650.676	3,0	4,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	80.870	7,8	1.999.212	9,2	4,0
Admón. publ. def. e sso.	23.438	2,2	489.047	2,3	4,8
Educación	34.914	3,3	672.621	3,1	5,2
Activ. san. e serv. soc.	51.560	4,9	1.288.505	5,9	4,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	79.363	7,6	992.157	4,6	8,0
Outros servizos	19.111	1,8	334.419	1,5	5,7
Actividades do fogar	9.916	1,0	218.672	1,0	4,5
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	167	0,0	5.197	0,0	3,2
Total	1.042.935	100,0	21.674.085	100,0	4,8

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.20.

O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (13,4% do total de contratos), seguido da construción (10,7%). Por baixo da media galega (4,5%) situaríanse novamente o sector servizos, cun 4%, e a industria, cun 3,5%.

Desagregando a nivel de rama de actividade, a hostalería é quen concentra o maior número de contratos, 248.915, o 23,9% das contratacións iniciais galegas, por diante da industria manufactureira e do "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 140.454 e 112.533 contratos, respectivamente (13,5% e 10,8%). A continuación estarían as actividades de transporte e almacenamento, con 105.606 contratos (10,1%) e as actividades administrativas e servizos auxiliares, con 79.363 contratos, o 7,6% do total (**cadro 2.1.20.**).

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación na industria extractiva, que representa o 9,3% do total estatal, así como das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 8%; transporte e almacenamento e industria manufactureira, que representan un 7,8% e 6,9%, respectivamente.

Poboación parada

A Enquisa de Poboación Activa (Fonte INE) estima a existencia de 145.900 persoas paradas en Galicia no ano 2019, 20.000 menos que no ano anterior, e un 28% superior aos parados estimados no ano 2008 (113.600 persoas). O paro estimado no conxunto do Estado en 2019 é un 25,1% superior ao estimado en 2008 e un 66% inferior ao estimado en 2018.

Dende 2013, cando se acada o máximo do desemprego en Galicia, o mercado laboral galego encadea seis anos de descenso no volume de poboación parada, estimándose en 2019 un total de vinte mil parados menos que no ano anterior, o que supón un descenso do 12%, por-

Poboación parada 2019: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			Galicia / España			19/18		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	69,1	76,8	145,9	4,5	4,5	4,5	-10,5	-9,6	-20,0
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,2	0,0	0,3	2,1	0,2	1,1	-0,1	-0,6	-0,6
Estudios primarios incompletos	1,2	1,2	2,4	2,7	4,1	3,3	-1,2	-0,3	-1,4
Estudios primarios	5,1	4,7	9,7	3,1	3,5	3,3	-1,7	-0,4	-2,1
Educación secundaria primeira etapa	29,1	26,3	55,4	4,6	4,3	4,5	-6,4	-3,2	-9,6
Educación secundaria segunda etapa con orientación xeral	9,3	11,8	21,1	4,7	4,6	4,6	-0,2	-0,3	-0,5
Educación secundaria segunda etapa con orientación profesional	8,2	9,2	17,4	5,5	4,7	5,0	0,1	-0,5	-0,4
Educación superior	16,1	23,6	39,7	4,8	4,9	0,0	-1,0	-4,3	-5,4
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	7,1	8,4	15,5	4,3	5,0	4,7	0,1	2,4	2,4
Menos de 1 mes	5,1	4,9	10,0	5,0	4,9	5,0	0,2	-1,3	-1,0
De 1 mes a menos de 3 meses	9,6	10,6	20,2	4,0	4,7	4,4	-0,3	0,9	0,6
De 3 meses a menos de 6 meses	8,6	8,0	16,5	4,6	3,9	4,2	-0,3	-1,4	-1,7
De 6 meses a menos de 1 ano	8,8	9,5	18,3	4,6	4,2	4,3	-0,8	-1,2	-2,0
De 1 año a menos de 2 años	9,2	10,7	19,9	4,6	4,3	4,4	-1,8	-2,9	-4,6
2 anos ou máis	20,8	24,8	45,6	4,7	4,5	4,6	-7,5	-6,1	-13,7
Grupos de idade									
16 - 19 anos	2,1	1,4	3,5	3,1	2,4	2,8	0,2	-0,9	-0,7
20 - 24 anos	7,1	5,2	12,3	3,7	2,8	3,3	-0,6	-1,7	-2,3
25 - 34 anos	15,8	16,8	32,6	4,4	4,4	4,4	-2,3	-3,2	-5,6
35 - 44 anos	16,4	22,1	38,6	5,1	5,2	5,1	-3,7	-2,1	-5,7
45 - 54 anos	16,5	19,3	35,8	4,9	4,6	4,7	-1,8	-1,3	-3,2
Máis de 55 anos	11,2	12,0	23,2	4,5	4,9	4,7	-2,2	-0,3	-2,5

Fonte: INE, *EPA*

2.1.21.

centaxe moi superior á media estatal (-6,6%). A pesar da continúa redución da poboación activa, a devandita evolución do desemprego explica o descenso da taxa de paro en Galicia, que no conxunto do ano se sitúa no 11,8%, 1,6 puntos por baixo da media do ano anterior, e máis de dous puntos porcentuais por debaixo da taxa media estatal.

O descenso no paro estimado pola EPA favorece tanto a homes como a mulleres, sendo o descenso máis intenso no caso dos homes. En termos relativos, o descenso medio do desemprego masculino foi do 13,1% en relación ao ano anterior, 2 puntos porcentuais máis que a caída estimada no caso das mulleres. En termos absolutos, dos 20.000 parados menos, 10.450 persoas son homes e 9.550 mulleres (**cadro 2.1.21.**).

En relación ao desemprego por idades, o paro estimado baixa en todos os grupos de idade tanto no caso dos homes como das mulleres, agás entre os homes de 16 a 19 anos (200 desempregados máis). En termos absolutos os descensos máis acusados estímanse nos grupos de idade de 35 a 44 anos, con 5.700 parados menos (–14,6%), así como entre as persoas entre 25 e 34 anos, con 5.600 persoas desempregadas menos (–12,9%), e no grupo de idade entre 45 e 54 anos, con 3.200 persoas desempregadas menos que en termos relativos supón un descenso do 8,1% no número de desempregados neste grupo de idade. Entre as persoas maiores de 55 anos, o desemprego descende en 2.500 persoas, das que tan só 300 son mulleres; finalmente, as persoas entre 20 e 24 anos descenderon o seu desemprego nun 15,9%, o descenso relativo máis acusado (2.300 persoas menos, das que 1.700 son mulleres).

Malia o descenso no número de persoas desempregadas nesta franxa de idade, as dificultades de empregabilidade e as características socioeconómicas do

Taxas de paro en Galicia e España 2008-19: distribución segundo grupos de idade

	2008	2015	2016	2017	2018	2019	19/08
							(en puntos porcentuais)
Menores de 25 anos							
Galicia	21,05	43,57	40,31	34,54	32,51	27,99	6,94
España	24,45	48,35	44,46	38,66	34,39	32,58	8,13
De 16 a 19 anos							
Galicia	31,26	63,52	55,41	59,57	47,59	42,40	11,14
España	39,38	67,41	60,25	54,83	50,03	45,39	6,01
De 20 a 24 anos							
Galicia	18,62	40,72	38,35	31,29	29,81	25,56	6,94
España	20,16	44,60	41,42	35,29	31,06	29,81	9,65
Maiores de 25 anos							
Galicia	7,48	18,01	15,95	14,70	12,41	10,99	3,51
España	9,70	20,15	17,92	15,72	13,91	12,79	3,09
De 25 a 54 anos							
Galicia	7,80	18,85	16,65	15,13	12,69	11,27	3,47
España	10,07	20,55	18,21	15,91	14,04	12,91	2,84
De 55 e máis anos							
Galicia	5,59	13,90	12,72	12,83	11,23	9,85	4,26
España	7,06	17,93	16,44	14,76	13,29	12,25	5,19
Total							
Galicia	8,64	19,31	17,15	15,67	13,34	11,76	3,12
España	11,25	22,06	19,63	17,22	15,26	14,11	2,86

Fonte: INE, EPA

2.1.22.


colectivo de desempregados maiores de 45 anos fan especialmente preocupante a existencia de 59.000 persoas en situación de desemprego que superan esta idade en Galicia en 2019, o que supón o 40,4% do paro na Comunidade Autónoma; por tanto catro de cada dez persoas desempregadas en Galicia teñen máis de 45 anos, fronte aos 3,8 de cada dez de media no Estado.

No que respecta ao tempo utilizado na procura de emprego, o descenso do desemprego experimentado en 2019 ven explicado na súa meirande parte pola redución do número de persoas que deixaron o seu último emprego hai dous ou máis anos. En concreto, das aproximadamente 20 mil persoas en que se reduce a poboación parada estimada, 13.700 corresponden ao devandito colectivo (68,5%). Tras esta evolución, en Galicia hai 45.600 persoas que levan máis de dous anos en busca de emprego (31,2% do total de parados estimados), das que 24.800 son mulleres. O incremento do desemprego tan só se produce entre aquelas persoas que levan en paro de 1 mes a menos de 3 meses (20.200 persoas, 600 máis que no ano anterior).

A nivel sectorial destaca o descenso estimado no sector na construción e no colectivo de parados que buscan o seu primeiro emprego ou que teñen deixado o seu último emprego fai máis dun ano, e o aumento no desemprego nos sectores primario e industrial. No ano 2019 , en termos porcentuais, destaca a caída do 11,7% no caso da construción (550 persoas menos que no ano anterior), e en valores absolutos destaca o sector servizos con 1.325 desempregados menos (-2,4%). Por outra banda o sector primario aumenta o seu desemprego en 600 persoas (13,2%)e o sector industrial mantén practicamente estable o seu nivel de desemprego con 50 persoas máis (0,4% máis). A hostalería aumenta o número de persoas desempregadas e mantense como a rama de actividade que acolle o maior número de desempregados, con 13.200 persoas, o 9% do paro total galego. Asemade, cómpre destacar a redución no paro estimado no colectivo de parados que levan máis dun ano sen traballar, con 14.700 persoas menos (–19,9%), así como no colectivo de parados que busca o seu primeiro emprego con 4.100 persoas menos (–25,5%).

Tal como se sinalou anteriormente, a taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2019 descende

Taxas de paro 2010-19: distribución segundo nivel formativo (1)



(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014
Fonte: IGE, *EPA*

2.1.23.

ata o 11,8%, 2,3 puntos por baixo da media estatal (14,1%). As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (10,8% por 12,4% de media en España) como para as mulleres (12,8% fronte ao 16% no Estado). A taxa de paro no último ano en Galicia reduciuse con maior intensidade que na media do Estado no caso dos homes (1,6 puntos porcentuais fronte á redución de 1,3 puntos porcentuais acaecida no conxunto do Estado), así como no caso da taxa de paro feminino (1,5 puntos porcentuais de caída en Galicia fronte a 1 punto de descenso de media no Estado).

A análise dos niveis de desemprego por idades (**cadro 2.1.22.**) evidencia o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. A pesar da significativa redución nos últimos anos, as taxas de paro dos menores de 25 anos sitúanse no último ano no 28% (32,5% no ano 2018), case cinco puntos por baixo da media española (32,6%); en tanto que as dos maiores de 25 anos cae ata o 11%, un 1,8 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado (12,8%).

Atendendo á distribución da poboación parada en función da súa formación, o número medio de desempregados descende no ano 2019 en todos os niveis formativos. En termos absolutos, o descenso máis importante do número de parados prodúcese entre as persoas con estudos secundarios primeira etapa, con 9.600 parados menos, seguidos dos parados con educación superior, con 5.400 persoas menos. O **cadro 2.1.23.** mostra a relación inversa que existe entre paro e nivel formativo: dunha banda, as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de formación; doutra, un ano máis só as persoas con estudos superiores presentan unha taxa de paro inferior á media galega (7,7% en 2019).

O descenso do desemprego en Galicia esténdese novamente ás catro provincias, presentando A Coruña o maior descenso en termos absolutos e relativos, con 10.600 desempregados menos, un 16,4% de caída. Na provincia de Pontevedra o desemprego redúcese en 7.300 persoas (10,5% menos que no ano anterior), e finalmente, na provincia de Ourense e Lugo o descenso foi de 1.300 e 700 persoas desempregadas menos respectivamente. Pontevedra segue a ser a provincia con maior número de parados (62.000 persoas) por diante da Coruña (54.200), Ourense (16.600 persoas) e Lugo (13.100).

Paro rexistrado en Galicia e España 2008-19 (1)

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		*(%)*	*(% de variación interanual)*	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,9	24,6
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	43,5
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	11,4
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
2014	257,0	4.575,9	5,62	-6,9	-5,6
2015	233,4	4.232,1	5,52	-9,1	-7,5
2016	212,6	3.868,9	5,49	-8,9	-8,6
2017	194,4	3.507,7	5,54	-8,5	-9,3
2018	174,7	3.279,1	5,33	-10,2	-6,5
2019	163,2	3.148,8	5,18	-6,5	-4,0
xaneiro	174,8	3.285,8	5,32	-7,9	-5,5
febreiro	173,7	3.289,0	5,28	-7,7	-5,2
marzo	170,8	3.255,1	5,25	-7,7	-4,9
abril	166,2	3.163,6	5,25	-8,8	-5,2
maio	160,8	3.079,5	5,22	-9,0	-5,3
xuño	155,2	3.015,7	5,15	-8,7	-4,6
xullo	150,9	3.011,4	5,01	-7,6	-3,9
agosto	153,8	3.065,8	5,02	-6,4	-3,7
setembro	157,0	3.079,7	5,10	-5,6	-3,8
outubro	164,3	3.177,7	5,17	-3,2	-2,4
novembro	165,7	3.198,2	5,18	-2,8	-1,7
decembro	165,3	3.163,6	5,23	-2,4	-1,2

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
Fonte: IGE

2.1.24.


Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O paro rexistrado en Galicia no ano 2019 cae un 6,5% en relación ao ano anterior, acadando as 163.219 persoas, o nivel máis reducido dende o ano 2008. A evolución do paro rexistrado nas oficinas de emprego no conxunto do ano 2019 presenta en Galicia o maior descenso de todas as Comunidades Autónomas, xunto co País Vasco. No último ano o desemprego rexistrado descendeu en 11.432 persoas, para situarse nas ditas 163.219 persoas, a cifra máis baixa dende o ano 2008. Tras esta evolución, Galicia acolle o 5,2% do paro rexistrado no conxunto de España, cando ao comezo da crise económica esta porcentaxe situábase no 6,4%.

As catro provincias galegas experimentan un descenso superior ao do conxunto do Estado, salientando Lugo e A Coruña con caídas superiores á media galega do 7,5% e do 6,8% respectivamente. En termos absolutos, o desemprego rexistrado nas provincias de A Coruña e Pontevedra redúcese en 4.706 e 4.281 persoas respectivamente respecto ao ano anterior, por diante de Lugo con 1.277 parados menos e Ourense con 1.167 parados rexistrados menos que en 2018. Tras esta evolución, A Coruña segue sendo, por un escaso marxe, a provincia con maior nivel de desemprego, con 64.727 persoas rexistradas no Servizo Público de Emprego, lixeiramente por diante de Pontevedra, con 64.335 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 18.389 e 15.768 persoas, respectivamente.

A caída do paro rexistrado afecta tanto a homes como a mulleres, mais a intensidade do descenso é maior no caso do paro rexistrado masculino. Neste senso, o número de mulleres rexistradas nas oficinas de emprego no último ano situouse en 94.466 persoas, 5.815 menos que no ano anterior (-5,8%) mentres que estaban rexistrados como parados un total de 68.753 homes, 5.617 menos que en 2018 (un 7,5% menos).

Paro rexistrado 2008-19: evolución mensual



Fonte: IGE

2.1.25.

No período 2008-2019 o paro rexistrado en Galicia acada o seu máximo nivel no ano 2013, con 276.000 persoas rexistrada nas oficinas de emprego, o que supón un incremento de 113.495 persoas (69,8%) dende o ano 2008. Co inicio da recuperación económica, o número de persoas en situación de desemprego redúcese de xeito continuado, acadando en 2019 os devanditos 163.219 parados, 112.788 menos que en 2013 (-40,9%). O nivel de desemprego rexistrado no último ano en Galicia é tan só un 0,4% superior ao existente en 2008, sendo este diferencial do 6,4% no caso dos homes e do -3,5% no das mulleres.

Como se aprecia no **gráfico 2.1.25.**, a partir de setembro de 2019, o nivel de desemprego rexistrado en Galicia é inferior ao rexistrado nos mesmos meses de 2008.

O desemprego rexistrado en 2019 redúcese en todos os grupos de idade, agás entre tanto os homes como as mulleres de 60 a 64 anos. En termos relativos, o maior descenso do paro en relación ao ano anterior sitúase no 12,2% no caso das persoas con idades comprendidas entre os 35 e 39 anos (2.482 persoas menos), con caídas en torno ao 9% entre as persoas con idades entre 45 e 49 anos (2.038 menos), de 40 a 44 anos (1.915 menos) e entre 16 e 19 anos (161 parados menos), seguidos dos parados rexistrados con idades entre 20 e 24 anos (523 parados menos en torno ao 8% de baixada). Os grupos de idade con descensos inferiores á media galega (–6,5%) foron os de 25 a 29 anos (–6%), entre 50 e 54 anos (–4,9%), entre 55 e 59 anos (–5,1%) , así como o aumento no paro rexistrado das persoas con idades entre 60 a 64 (1,9%, 402 persoas máis).

O 55% das persoas paradas rexistradas en Galicia no ano 2019 teñen máis de 45 anos (88.756 persoas). Atendendo aos distintos grupos quinquenais, os colectivos con maior nivel de desemprego son os de 55 a 59 anos (14,6%), seguido polos de 50-54 e 60 a 64 anos, cunha porcentaxe superior ao 13% en ámbolos dous casos.

Un ano máis, a nivel sectorial prodúcese un descenso do paro rexistrado en todos os sectores produtivos salientando novamente a construción, cunha caída do 14,8% (2.319 persoas paradas menos que no ano anterior), e o sector industrial, cunha redución do 7,4% (–1.470 persoas). En termos absolutos a caída máis acu-


Paro rexistrado en Galicia e España 2019 (1): distribución segundo sector de actividade

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
			(en miles de persoas)			
Galicia	163.219	5.848	18.292	13.327	111.846	13.907
A Coruña	64.727	1.664	6.948	5.700	44.819	5.597
Lugo	15.768	762	1.166	1.416	10.990	1.429
Ourense	18.389	996	2.187	1.506	11.902	1.798
Pontevedra	64.335	2.425	7.990	4.705	44.132	5.083
España	3.148.752	146.318	271.043	259.224	2.201.607	270.560

19/18

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
				(%)		
Galicia	-6,5	-7,2	-7,4	-14,8	-5,0	-8,4
A Coruña	-6,8	-6,9	-9,9	-16,4	-4,7	-7,8
Lugo	-7,5	-12,1	-11,3	-13,9	-5,9	-7,0
Ourense	-6,0	-0,8	-8,5	-13,3	-4,5	-8,3
Pontevedra	-6,2	-8,1	-4,2	-13,6	-5,3	-9,4
España	-4,0	-4,5	-5,7	-8,6	-2,9	-5,8

(taxas de variación interanuais)



(1) medias anuais
Fonte: IGE; Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.26.

sada rexístrase no sector servizos, con 5.927 persoas desempregadas menos (–5%). Na actividade agraria e pesqueira o descenso foi do 7,2% respecto ao ano anterior (451 persoas menos).

O **cadro 2.1.26.** amosa que o sector servizos acolle un total de 111.846 parados, o 68,5% dos parados rexistrados en Galicia (69,9% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 18.292 parados, o 11,2% (8,6% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados na construción é de 13.327 persoas, o 8,1% do total galego (8,2% en España) e no sector primario 5.848 persoas, o 3,6% (4,6% do total de paro rexistrado a nivel estatal).

Tal como se observa no **gráfico 2.1.26.**, o sector industrial e a construción teñen en 2019 menores niveis de paro rexistrado que no ano 2008,con niveis de desemprego en 2019 en torno a un 30% inferiores aos rexistrados nos ditos sectores en 2008. Pola contra, tanto o sector servizos como o conxunto do sector primario, a pesar do descenso do 31% e 35% rexistrado dende o

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-19 (1): distribución segundo sexo e clase de inactividade

	Galicia					
	2008	2016	2017	2018	2019	2019/08
			(en miles de persoas)			*(%)*
Total	1.086,3	1.093,7	1.093,6	1.090,5	1.094,3	0,7
Homes	422,8	467,1	472,0	474,2	473,6	12,0
Mulleres	663,5	626,7	621,5	616,4	620,6	-6,5
Estudiante	147,9	142,2	144,0	151,7	152,8	3,3
Homes	65,5	69,4	72,4	76,1	72,5	10,7
Mulleres	82,4	72,8	71,6	75,6	80,4	-2,5
Xubilado	468,4	512,1	517,4	519,0	521,1	11,2
Homes	263,3	293,3	297,6	298,2	298,2	13,2
Mulleres	205,2	218,8	219,9	220,8	222,9	8,6
Labores do fogar	240,0	212,6	209,7	201,6	197,8	-17,6
Homes	21,6	31,3	30,5	28,8	28,1	30,1
Mulleres	218,4	181,3	179,1	172,8	169,7	-22,3
Incapacidade permanente	111,8	86,0	88,9	87,1	90,8	-18,8
Homes	50,8	43,7	45,3	46,4	49,6	-2,5
Mulleres	61,0	42,3	43,6	40,8	41,3	-32,4
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	123,8	116,7	111,1	111,2	13,9
Homes	8,6	17,9	15,0	11,1	12,8	48,3
Mulleres	89,0	106,0	101,7	100,0	98,3	10,5
Outra	20,5	17,0	17,1	20,2	20,6	0,6
Homes	13,0	11,6	11,3	13,7	12,6	-3,3
Mulleres	7,5	5,4	5,8	6,5	8,1	7,3

	España					
	2008	2016	2017	2018	2019	2019/08
			(en miles de persoas)			*(%)*
Total	15.324,6	15.708,8	15.912,4	16.079,9	16.242,2	6,0
Homes	5.747,8	6.540,3	6.631,0	6.702,2	6.821,0	18,7
Mulleres	9.576,7	9.168,6	9.281,4	9.377,7	9.421,1	-1,6
Estudiante	2.259,2	2.551,9	2.577,8	2.694,5	2.805,8	24,2
Homes	1.049,9	1.262,6	1.278,1	1.321,7	1.354,9	29,1
Mulleres	1.209,3	1.289,3	1.299,7	1.372,8	1.450,9	20,0
Xubilado	5.181,3	6.089,9	6.227,2	6.290,2	6.444,5	24,4
Homes	3.503,7	3.964,6	3.997,4	3.978,6	4.035,4	15,2
Mulleres	1.677,6	2.125,3	2.229,8	2.311,5	2.409,1	43,6
Labores do fogar	4.606,3	3.784,6	3.761,3	3.713,7	3.644,1	-20,9
Homes	285,6	377,9	371,4	358,2	372,4	30,4
Mulleres	4.320,8	3.406,7	3.389,9	3.355,5	3.271,7	-24,3
Incapacidade permanente	1.099,8	1.208,3	1.257,2	1.262,8	1.256,5	14,3
Homes	472,9	557,1	580,2	607,1	613,7	29,8
Mulleres	627,0	651,2	677,0	655,7	642,8	2,5
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.796,6	1.749,1	1.709,5	1.664,6	1.638,2	-8,8
Homes	170,5	163,7	166,6	168,7	166,8	-2,2
Mulleres	1.626,0	1.585,4	1.542,9	1.495,9	1.471,4	-9,5
Outra	381,3	325,1	379,5	454,3	453,1	18,8
Homes	265,2	214,4	237,3	267,9	277,8	4,7
Mulleres	116,1	110,7	142,2	186,4	175,3	51,0

(1) en medias anuais

Fonte: INE, *EPA*

2.1.27.

ano 2013, presenta un nivel de paro superior ao de 2008. En 2019, o nivel de paro rexistrado no sector primario é un 16,4% superior ao rexistrado no ano 2008, porcentaxe que se sitúa no 24% no caso dos servizos.

Poboación inactiva

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

A diferencia do acontecido nos últimos anos, en 2019 aumenta en Galicia o número de persoas inactivas, acadando as 1.094.300 persoas, das que o 56,7% son mulleres (620.600 persoas). A diferencia do acontecido en anos anteriores, o número de mulleres inactivas aumenta en 2019 un 0,7% (4.200 mulleres inactivas máis que en 2018). Por contra, o número de homes inactivos foi un 0,1% inferior, 500 menos que no ano precedente.

Distinguindo pola causa da inactividade, salienta o incremento no número de homes con incapacidade permanente, cun ascenso do 6,9%, o que supón 3.200 homes máis nesta situación, o 89% do incremento total da poboación inactiva en Galicia. No estremo oposto, redúcese nun 1,8% o número de mulleres dedicadas a labores do fogar (3.100 mulleres menos)

Tras un incremento de 2.100 persoas (0,4%) no último ano, as persoas xubiladas representan o 47,6% da poboación inactiva en Galicia (521.000 persoas), porcentaxe superior á media estatal (39,7%). A segunda causa máis importante de inactividade é a de persoas dedicadas ás labores do fogar, que tras un descenso de 3.800 persoas respecto ao ano anterior (-1,9%), representa o 18,1% da poboación inactiva (197.800 persoas), 4,4 puntos porcentuais menos que en España, seguido polos estudantes, que representan o 14% (152.800 persoas), máis de tres puntos porcentuais menos que no Estado.

O 86% das persoas inactivas debido a que se dedican ás "labores de fogar" en Galicia son mulleres (169.700 persoas), fronte ao 89,8% no conxunto do Estado, mentres que o peso relativo das mulleres no total de xubilados en Galicia é do 42,8% (222.900 mulleres), fronte ao 37,4% de media no Estado (**cadro 2.1.27.**). Por outra banda, o 90% das persoas inactivas por ter outras responsabilidades familiares ou persoais son mulleres (48.200 persoas), así mesmo 88 de cada 100 persoas inactivas en Galicia por coidado de nenos ou de adultos enfermos, discapacitados ou maiores son mulleres (32.500 mulleres fronte a 4.200 homes).

Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, o descenso da inactividade entre os homes explícase fundamentalmente polo descenso no número de homes que están cursando estudos ou recibindo formación (3.600 homes menos), caída que compensa o incremento dos homes en situación de incapacidade permanente (3.200 homes máis). No caso das mulleres, o incremento da poboación inactiva ven explicada, en gran medida, polo aumento das estudantes (4.800 mulleres máis) das xubiladas (2.100 máis), incremento compensado polo descenso das mulleres dedicadas ás labores do fogar (3.100 mulleres menos)

Analizando os motivos de non buscar emprego, o número de persoas en situación de inactividade por crer que non van a atopar emprego descende no último ano en 5.600 (-25,5%). Continúa a caída das persoas que afirman ter outras responsabilidades familiares ou persoais, con 3.000 persoas inactivas menos (–5,3%). No ano 2019 o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 270.500 persoas (24,7% da poboación inactiva total), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo formación, con 145.900 persoas (13,3%) e de enfermidade ou incapacidade propia, con 122.300 persoas (11,2%). ❑

2.2. Custos e salarios

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, a través da Estatística de convenios colectivos de traballo, o aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou en 2019 unha medra nominal do 2,14%, dúas décimas superior ao incremento rexistrado no ano anterior, máis dada a evolución a nivel estatal, o incremento en Galicia é dúas décimas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado.

A variación media pactada calcúlase coa información de aqueles convenios cuxos efectos económicos son coñecidos e cuantificables e que teñan sido rexistrados ata decembro de 2019. Para dito cálculo en Galicia téñense en conta 226 convenios con efectos económicos e rexistrados, que afectan a 42.875 empresas e 314.878 traballadores.

O aumento salarial pactado ven motivado tanto pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 2,15% en relación ao ano anterior (2,01% no ano 2018), como nos convenios de empresa, cunha medra do 1,83% (1,58% no ano anterior).

Como se sinala anteriormente, **cadro 2.2.1.**, Galicia presenta aumentos salariais superiores aos do ano 2018, pero por debaixo do rexistrado de media no conxunto do Estado tanto no caso dos convenios de empresa como nos convenios doutro ámbito.

O custo laboral por traballador e mes aumenta en Galicia no ano 2019 un 3,8% (1,5 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado) para situarse nos 2.400,57 euros de media, un 9,6% inferior ao custo laboral en España. Este custo laboral é o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados "outros custos" (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social).

Comparado co resto das CC.AA., os datos da Enquisa trimestral do custo laboral (INE) reflicten que Galicia sitúase nunha posición intermedia, presentando oito Comunidades Autónomas custos laborais máis baixos: Estremadura (2.164,92 euros por traballador e mes), Canarias (2.239,81 euros), Murcia (2.307,25 euros), Andalucía (2.316,02 euros), Castela A Mancha (2.330,85 euros), a C. Valenciana (2.350,21 euros),

Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-2019

	2008	2015	2016	2017	2018	2019
			(%)			
Galicia						
Convenios totais	4,19	0,88	0,83	1,48	1,98	2,14
Convenios de empresa	3,43	0,42	0,86	1,11	1,58	1,83
Convenios doutro ámbito	4,29	0,94	0,82	1,51	2,01	2,15
España						
Convenios totais	3,60	0,71	1,01	1,46	1,80	2,33
Convenios de empresa	3,09	0,46	0,84	1,21	1,44	1,94
Convenios doutro ámbito	3,65	0,73	1,02	1,48	1,82	2,35

(data da consulta 16-01-2020)
(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa
Fonte: Ministerio Trabajo y Economia Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

2.2.1.

Custos laborais en Galicia e España 2018-19: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

2018

	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
				(en euros)				
Custo laboral por traballador e mes	2.313,15	2.808,04	2.563,85	2.168,96	2.573,08	3.084,72	2.632,10	2.475,94
Custo salarial total	1.703,09	2.085,24	1.764,27	1.604,12	1.919,42	2.289,28	1.869,55	1.855,96
Custo salarial ordinario	1.490,78	1.749,84	1.513,95	1.425,44	1.658,27	1.925,64	1.617,67	1.612,73
Outros custos	610,06	722,81	799,58	564,84	653,66	795,45	762,56	619,98
Custo por percepcións non salariais	60,82	54,25	144,31	54,62	67,74	74,57	88,07	65,02
Custo por cotizacións obrigatorias	560,21	680,06	664,11	521,25	598,96	733,21	684,99	568,32
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,97	11,50	8,84	11,04	13,04	12,33	10,50	13,35
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,84	20,02	17,80	17,26	20,02	22,19	18,26	19,73
Custo salarial total por hora	13,14	14,87	12,25	12,76	14,93	16,46	12,97	14,79
Custos salarial ordinario por hora	11,50	12,47	10,53	11,34	12,91	13,86	11,23	12,86
Outros custos por hora	4,71	5,15	5,55	4,50	5,09	5,73	5,29	4,94

2019

	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
				(en euros)				
Custo laboral por traballador e mes	2.400,57	2.905,11	2.692,38	2.251,96	2.630,90	3.132,31	2.677,26	2.537,71
Custo salarial total	1.762,23	2.154,76	1.878,37	1.656,96	1.955,19	2.315,17	1.901,29	1.894,81
Custo salarial ordinario	1.556,10	1.826,68	1.608,60	1.485,97	1.694,00	1.948,82	1.641,60	1.652,28
Outros custos	638,35	750,36	814,01	595,00	675,71	817,14	775,98	642,90
Custo por percepcións non salariais	64,46	54,48	129,35	60,82	67,01	75,04	84,90	64,24
Custo por cotizacións obrigatorias	584,21	706,28	692,43	544,71	621,84	754,02	699,89	592,34
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,32	10,41	7,77	10,54	13,14	11,92	8,82	13,68
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	18,68	20,76	18,71	18,12	20,53	22,64	18,57	20,28
Custo salarial total por hora	13,72	15,39	13,05	13,33	15,26	16,73	13,19	15,14
Custos salarial ordinario por hora	12,11	13,05	11,18	11,96	13,22	14,10	11,39	13,21
Outros custos por hora	4,97	5,36	5,66	4,79	5,27	5,91	5,38	5,14

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.2.2.

Castela e León (2.370,04 euros) e A Rioxa (2.400,19 euros)

O sector de actividade cos custos laborais máis elevados tanto en Galicia como en España foi novamente a industria, cunha media de 2.905,11 euros en Galicia, o que representa o 92,7% da media estatal (**cadro 2.2.2.**). Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.692,38 euros (superior ao custo medio estatal que foi de 2.677,26 euros) e os servizos, con 2.251,96 euros (o 88,7% da media española). En relación ao ano anterior, Galicia presenta un incremento do custo laboral superior á media estatal, tanto a nivel global como sectorial, así cómpre resaltar que os custos laborais da construción, a industria e os servizos medran máis en Galicia que no conxunto do Estado.

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes sitúa a Galicia como a oitava Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura (1.374,87 euros), Murcia (1.442,54 euros), Canarias (1.469,24 euros), Castela–A Mancha (1.488,65 euros), Andalucía (1.497,98 euros), Castela e León (1.519,46 euros) e C. Valenciana (1.542,62 euros). Tras un incremento do 4,4% respecto ao ano anterior (2,1% no conxunto de España) estas ganancias acadaron no último ano os 1.556,1 euros, 137,9 euros menos que a media estatal.

• Produtividade aparente do factor traballo

A ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica no ano 2019, cun incremento do PIB real do 1,8%, catro décimas menos que no ano anterior, tradúcese nunha ralentización paralela do mercado laboral, de xeito que os indicadores de ocupación seguen mostrando datos positivos, aínda que acadando taxas de crecemento inferiores ás do ano anterior; neste senso a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 1,6% fronte ao 2,4% no ano anterior, as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social medran un 1,7% fronte ao 2,4% en 2018. As contas económicas de Galicia reflicten un crecemento interanual do 1,2% nos postos de traballo equivalentes a tempo completo (2,2% en 2018), sendo a porcentaxe de incremento do ano 2019 a máis reducida dende o ano 2015.

A ralentización no crecemento favorece a tendencia descendente da poboación activa que, un ano máis, descende nun 0,2% respecto ao ano anterior, o que supón unha caída de 2.400 persoas activas; cómpre destacar sen embargo que a caída de poboación activa no último ano foi a metade da rexistrada en 2018.


Tendo en conta os datos recollidos nas Contas trimestrais, podemos realizar unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo (PFT), tomando como indicadores o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ou a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Ambos os dous indicadores presentan no último ano unha evolución positiva, se ben seguen a estar por baixo da media española.

Como se aprecia no **cadro 2.2.3.**, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2019 o 91% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 88,2% do ano 2008 e o 86,7% de 2013. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe ascende ata o 89% en 2019 fronte ao 83,6% de 2008 (82,3% en 2013).

A leve mellora da produtividade en relación á media estatal, ven xustificada por unha ralentización da economía en Galicia que repercute nun menor crecemento do PIB en termos monetarios, que en Galicia se sitúa no 2,9%, sete décimas menos que no conxunto do Estado, como polo menor dinamismo do mercado de traballo. O número de postos de traballo medrou en Galicia un 1,2% respecto ao ano anterior e as horas traballadas o fixeron un 0,7% (1,5% e 1,5% en España, respectivamente). Deste xeito a produtividade mellorou en Galicia un 1,7% no primeiro caso, e un 2,2% se se mide en relación ás horas traballadas.

Agás a industria, todos os sectores presentan en Galicia un incremento da produtividade aparente do factor traballo, pero só o sector da construción presenta unha produtividade aparente superior á española tanto en termos da postos de traballo equivalente como en termos do número de horas traballadas. No extremo oposto, cómpre resaltar que a produtividade aparente

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia 2008, 2013, 2017, 2018 e 2019. España = 100



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2.2.3.

da industria manufactureira, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, mantense no último ano no 78% da media española, porcentaxe superior á rexistrada antes da crise económica (76,9% en 2008).

Ingresos salariais nas fontes tributarias

O estudo dos ingresos salariais realízase sobre os datos proporcionados pola estatística *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias,* que se basea nas declaracións anuais do Modelo 190. A Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. O apartado deste capítulo céntrase na óptica do perceptor e máis concretamente nos asalariados. O colectivo de asalariados está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

O número de asalariados nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferencias é o feito que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se soen presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo. Así, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.


No que respecta aos salarios tamén hai diferencias, por motivos semellantes. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e mídese como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferencias conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo os asalariados mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas que o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

Tendo en conta o dito anteriormente, os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Facenda ascenderon no ano 2018 (últimos dispoñibles) ata os 19.159 euros, o 96,7% do total estatal, o que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA. O **gráfico 2.2.4,** mostra un incremento do salario medio en Galicia de 696 euros en relación ao declarado no ano anterior, consecuencia dun incremento do 5,8% da masa salarial asociado a un aumento do 2% do número de asalariados. No conxunto do Estado o salario medio aumenta en 637 euros tendo en conta que a masa salarial medra un 6,4% e o número de asalariados, un 3%.

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é sensiblemente inferior ao dos homes. En Galicia os homes declaran un ingreso medio de 21.327 euros, un 3,5% inferior á media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 16.755 euros, un 2,5% inferior á percepción salarial media das mulleres en España. No ano 2018 a diferencia salarial entre homes e mulleres medra novamente en Galicia (medra tamén no conxunto do Estado). Tomando como indicador da brecha salarial a rateo mulleres/homes, este acadaba en 2018 un valor do 78,6%, porcentaxe dúas décimas superior á do ano anterior. No conxunto do Estado o ingreso salarial medio dos homes e das mulleres é superior ao declarado en Galicia, e o diferencial existente entre homes e mulleres é lixeiramente menor que na Comunidade Autónoma (a rateo mulleres/ homes mantense en España no 77,8%).

A distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao salario mínimo interprofesional (SMI), **cadro 2.2.5.**, reflicte que o 30% dos asalariados, 313.601 asalariados, declara unha percepción salarial inferior ao SMI. Os asalariados que de-

Evolución do salario medio anual (1) en Galicia e España 2008-2018. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.4.

claran ingresos inferiores ao dobre do SMI son o 65,7% do total. Isto contrasta co 3,8% de persoas asalariadas que declaran uns ingresos salariais de máis de cinco veces o SMI.

Nos dez anos que van dende 2008 ata 2018, o número de asalariados totais descende un 7,9% (89.332 persoas menos), por tramos salariais, o único incremento no período citado, é entre o asalariados cun salario medio anual inferior a 1,5 veces o SMI, con 43.558 asalariados máis neste tramo de ingresos (28,8%). No extremo oposto, cae de xeito moi importante o número de persoas que cobran entre 1,5 e 2,5 veces máis que o SMI con 59.844 persoas menos, aínda que aumenta nun 22% os seus ingresos salariais medios.

No período 2008-2018 se incrementan notablemente as diferencias salariais entre os dous extremos da serie, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis declaran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2018 esta proporción era de 84 veces (89 no ano 2017).

No que se refire á distribución segundo grupos de idade, o **gráfico 2.2.6.** amosa que o ingreso salarial medio experimenta unha tendencia crecente ata a idade de xubilación. Xusto antes da mesma o ingreso medio ascendía ata os 24.468 euros en 2018, contía que descende ata os 15.996 anos a partir dos 65 anos. Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional en 2018 ascende a 10.302,6 euros, os menores de 25 anos ingresan menos que o SMI, cando no ano 2008 isto só acontecía nos menores de 18 anos (SMI 8.400 euros).

Asalariados (2) e salario medio por tramo salarial: 2008-2018 (1)

	2008				2018			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)	(euros)	(%)		(%)	(euros)	(%)
De 0 a 0,5 SMI	152.228	13,4	1.851	10,4	172.823	16,5	2.174	11,3
De 0,5 a 1 SMI	131.332	11,6	6.367	35,9	140.778	13,5	7.804	40,7
De 1 a 1,5 SMI	167.344	14,7	10.651	60,1	180.861	17,3	12.995	67,8
De1,5 a 2 SMI	221.650	19,5	14.737	83,1	192.076	18,4	17.886	93,4
De 2 a 2,5 SMI	146.661	12,9	18.678	105,3	116.391	11,1	22.883	119,4
De 2,5 a 3 SMI	84.978	7,5	22.915	129,2	69.932	6,7	28.266	147,5
De 3 a 3,5 SMI	60.406	5,3	27.250	153,6	57.660	5,5	33.276	173,7
De 3,5 a 4 SMI	44.760	3,9	31.419	177,1	36.913	3,5	38.573	201,3
De 4 a 4,5 SMI	36.111	3,2	35.621	200,8	24.321	2,3	43.614	227,6
De 4,5 a 5 SMI	26.756	2,4	39.621	223,4	14.103	1,3	48.763	254,5
De 5 a 7,5 SMI	44.097	3,9	49.837	281,0	29.475	2,8	61.324	320,1
De 7,5 a 10 SMI	12.103	1,1	71.566	403,5	6.594	0,6	87.043	454,3
Máis de 10 SMI	6.428	0,6	126.346	712,4	3.595	0,3	183.051	955,4
TOTAL	1.134.854	100	17.736	100	1.045.522	100	19.159	100


(1) SMI en 2008: 8.400 € en 2018 a 10.302,60 €

(2) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.5.

Salario medio 2008 e 2018. Distribución segundo grupo de idade



(1) SMI en 2008: 8.400 € en 2018 a 10.302,60 €

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.6.

O ingreso salarial medio do ano 2018 é inferior ao declarado no ano 2008 entre os menores de 18 anos (2.031 euros menos), os asalariados entre 18 e 25 anos (1.730 euros menos) e entre 26 e 35 anos (466 euros menos). Por outra banda, os asalariados maiores de 36 anos cobran máis que no ano 2008 en todos os rangos de idade, destacando os asalariados entre 56 e 65 anos con 1.092 euros anuais máis.

A distribución segundo ramas de actividade, o **cadro 2.2.7.** indica que a actividade con ingresos salariais medios máis elevados segue sendo a das entidades financeiras e aseguradoras, con 32.017 euros, o dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 15.991 euros brutos anuais.

As ramas de actividade que presentan uns ingresos sa-

Asalariados (1) e salario medio por sectores: 2009-2018

	2009				2018			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)		(%)		(%)		(%)
Agricultura, gandeiría, selvicultura e pesca	22.570	2,1	13.807	75,8	24.521	2,3	15.991	83,5
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	1,6	24.009	131,8	10.836	1,0	28.923	151,0
Industria	155.134	14,2	18.853	103,5	134.874	12,9	21.783	113,7
Construción e actividades inmobiliarias	132.698	12,1	16.361	89,8	80.023	7,7	18.379	95,9
Comercio, reparación e transportes	234.185	21,4	15.586	85,6	227.638	21,8	18.092	94,4
Información e comunicacións	24.513	2,2	21.111	115,9	20.438	2,0	24.394	127,3
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	2,7	31.938	175,3	23.085	2,2	32.017	167,1
Servizos ás empresas	120.271	11,0	14.326	78,6	133.361	12,8	15.025	78,4
Servizos sociais	259.149	23,7	24.510	134,5	264.736	25,3	23.959	125,1
Outros servizos persoais e de lecer	96.773	8,9	9.128	50,1	126.011	12,1	9.632	50,3
TOTAL	1.092.431	100	18.217	100	1.045.522	100	19.159	100

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.7.

lariais medios superiores ao dobre do salario medio anual en Galicia son: industria extractiva, enerxía e auga; industria; información e comunicacións; entidades financeiras e aseguradoras; e servizos sociais. Esas cinco actividades concentran o 43,4% dos asalariados en 2018, un punto porcentual menos que no ano 2009.

Tendo en conta a evolución dos asalariados e salario medio no período 2009-2018, salienta que os sectores onde se produce un maior aumento, tanto en termos relativos como absolutos, do número de asalariados son os que presentan un menor salario anual. En concreto, as actividades "Outros servizos persoais e de lecer" e os "Servizos ás empresas" son as que presentan o maior incremento dos asalariados no período sinalado (30,2% e 10,9% máis, respectivamente) e son tamén os que reflicten os menores salarios medios anuais no ano 2018. ❑

2.3. Relacións laborais e formación

No presente apartado abórdase a análise da evolución das relacións laborais en Galicia ao longo do ano 2019. Neste senso o leve aumento do número de convenios colectivos e o descenso das persoas traballadoras afectadas, por expedientes de regulación de emprego son indicadores fundamentais que mostran a tendencia das relación laborais na nosa Comunidade.

No concernente á conflitividade laboral, asociado a un aumento no número de folgas, aumenta tamén o número de persoas participantes aínda que se reduce en relación ao ano anterior o número de xornadas non traballadas

Negociación colectiva

Ao longo do ano 2019 en Galicia aumenta lixeiramente o número de convenios colectivos existentes, tanto vixentes como prorrogados tacitamente. A 31 de decembro de 2019, existen en Galicia un total de 1.033 convenios, 27 máis que na mesma data do ano anterior, dos que 126 son sectoriais e 907de empresa (125 e 881convenios no ano precedente, respectivamente). Segundo os datos do Observatorio da negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), os convenios colectivos existentes afectan a 485.926 persoas traballadoras, o que supón un descenso de 6.077persoas en relación ao ano anterior.

Na provincia de Pontevedra é onde se asinan máis convenios colectivos, tanto no ámbito sectorial como de empresa, con 380 convenios (o 36,8%), por diante de A Coruña, con 351 (34%), e Lugo e Ourense con 124 e 106, respectivamente (12% e 10%). O restante 7% dos convenios colectivos existentes no último ano (72 convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial.

Dos sinalados 1.033 convenios existentes, o número de convenios colectivos con vixencia expresa en 2019 ascende a 339 (o 32,8% do total de convenios), dos que 54 son convenios de sector (42,9%) e os restantes 285 de empresa (31,4% dos convenios de empresa).

En 2019, a diferencia do ano anterior, diminúe o número de convenios asinados en Galicia con efectos para ese mesmo ano, aínda que segue aumentando o nú-

Convenios colectivos existentes 2018-19 (1)

2018

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.006	70	337	121	102	376
Sector	125	20	30	23	20	32
Empresa	881	50	307	98	82	344

2019

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.033	72	351	124	106	380
Sector	126	21	30	23	20	32
Empresa	907	51	321	101	86	348

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2018-19

2018

	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	204	259.362	148	168.608	29	89.307	27	1.447
Sector	37	240.482	27	158.038	9	82.006	1	438
Empresa	167	18.880	121	10.570	20	7.301	26	1.009

2019

	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	191	208.093	116	79.754	47	127.183	28	1.156
Sector	39	190.646	22	71.217	16	119.166	1	263
Empresa	152	17.447	94	8.537	31	8.017	27	893

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.2.

mero de convenios revisados. Os 163 convenios con efectos para 2019 (116 asinados e 47 revisados) afectan a 206.937 persoas traballadoras, case cincuenta e unha mil persoas menos que no ano anterior. Segundo se reflicte no **cadro 2.3.2.,** destes 163 convenios, 38 corresponden a convenios de ámbito sectorial e afectan a 190.383 persoas e 125 son de empresa e afectan a 16.554 persoas traballadoras.

En 2019 asináronse por primeira vez un convenio de sector (o de Salas de exhibición cinematográfica de Galicia) e 27 de empresa que afectan a 1.156 persoas traballadoras. Na provincia de A Coruña asináronse por primeira vez no ano 2019 un total de 15 convenios que afectan a 605 traballadores e na provincia de Pontevedra asináronse cinco, que afectan a 167 persoas.

Recollen "pacto de ultraactividade", entendido este como o mantemento das condicións pactadas nos convenios colectivos, pese á finalización da súa vixencia, o 86,4% dos convenios de sector asinados en 2019 e o 73,4% dos convenios de empresa.

Xornada media pactada na negociación colectiva 2018-19: distribución segundo sector económico

	2018	2019
	(en horas / ano)	
Total	1.768,54	1.757,95
Agricultura e pesca	1.752,00	1.765,43
Industria	1.758,75	1.757,48
Construción	1.736,24	1.736,31
Servizos	1.792,73	1.785,92

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.3.

Os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados no último ano foron 84 e afectan a 98.520 persoas traballadoras. Deles 31 son de sector e 53 de empresa.

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2019 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 1,75%. Respecto da inflación, este incremento é superior á medra do IPC galego, que foi do 0,7%, e ao estatal, que foi do 0,8%.

No concernente aos convenios asinados ou revisados que recollen cláusulas de revisión salarial, no ano 2019 o 21,5% dos convenios asinados e o 27,7% dos revisados recollen estas cláusulas, o que supón que se ven afectadas por estas cláusulas o 46,9% das persoas traballadoras con convenio asinado e o 53,6% con convenio revisado.

A xornada media pactada en Galicia, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, mantense relativamente estable no último ano, ao situarse nas 1.758 horas/ano, 10,5 horas/ano menos en relación 2018. Tal como se observa nos datos de anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.732,1 horas fronte a 1.760 horas, respectivamente).

Analizando a xornada media pactada nos distintos sectores, o **cadro 2.3.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.785,92 horas, 6,8 horas menos que no ano anterior. A continuación situaríase o sector agrario e pesqueiro, con 1.765,4 horas (trece horas máis que no ano anterior) e o sector industrial, que tras un descenso de 1,3 horas, presenta unha xornada media pactada de1.757,5 horas. A construción cunha xornada media pactada de 1.736,3 horas, mantén a mesma xornada que no ano anterior

A Enquisa trimestral do custo laboral do INE reflicte que Canarias mantense como a Comunidade Autónoma co maior número de horas pactadas por traballador e mes, con 154,1 horas, seguida por Madrid e Baleares, con 153 horas, e Galicia con 151horas mensuais. Todos os sectores presentan en Galicia un tempo de traballo superior á media estatal, salientando a construción, onde Galicia con 167 horas mensuais presenta o maior número de horas pactadas de o conxunto de CCAA (164,3 no conxunto do Estado) (**cadro 2.3.4.**).

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, descende lixeiramente en Galicia ata as 128,7 horas do ano 2019 (129,9 no ano anterior), próximo ás 128,3 horas no conxunto do Estado. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia unha xornada de 143,5 horas efectivamente traballadas, similar á media estatal, e os traballadores a tempo parcial, un total de 75,8 horas ao mes (78,1 horas no conxunto do Estado).

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-19 (1): distribución segundo sector

	2008				2019			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	(en horas pactadas/traballador/mes)							
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	146,4	159,1	165,6	143,1
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	148,0	165,2	164,2	141,6
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	148,0	161,9	166,2	143,4
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	153,0	162,5	165,4	150,9
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	154,1	162,3	166,8	152,8
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	150,8	163,3	165,5	146,5
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	147,2	163,5	163,4	141,3
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	147,8	163,7	164,7	142,5
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	149,6	164,8	161,6	145,8
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	147,9	164,0	160,0	143,2
Estremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	145,1	162,8	166,3	141,1
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	151,1	165,2	167,0	146,2
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	153,0	165,8	166,6	151,0
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	148,3	163,9	162,6	143,2
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	148,2	163,2	159,8	140,6
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	147,5	160,8	162,0	142,7
A Rioxa	153,7	168,1	167,4	144,0	147,2	165,8	165,3	138,7
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	149,5	163,5	164,3	145,9

(1) media dos 4 trimestres do ano
(2) seccións B-S da CNAE-2009
Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.3.4.

O **cadro 2.3.5.** amosa que a construción, tal como acontece en anos anteriores, é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

A pesar do sinalado descenso do 0,9% no número de horas efectivamente traballadas, o custo laboral total por hora increméntase un 4,7%, acadando un valor monetario de 18,68 euros, fronte aos 20,53 euros de media en España. O **cadro 2.2.2.** *[Custos laborais en Galicia e España 2018-19: distribución segundo sectores económicos e compoñentes]* reflicte que o custo salarial ordinario por hora medra un 5,3%, situándose por baixo da media estatal (12,11 euros e 13,22 euros, respectivamente).

Finalmente, os datos do CGRL mostran durante o ano 2019, un total de 29 inaplicacións de convenio que afectan a 560 persoas traballadoras. No último ano descende o número de inaplicacións en case un 41% o que implica un descenso no número de persoas afectadas, un 30% menos que no ano anterior. No sector servizos rexistráronse 22 inaplicacións, seguido pola industria con 7, afectando a 403 e 157 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.3.6.**, o maior número de inaplicacións de convenios rexistradas prodúcese en empresas de 6 a 30 traballadores, con 12 inaplicacións seguidas polas rexistradas en empresas con cinco ou menos traballadores (11).

En relación aos efectos das medidas de regulación de emprego, tras o significativo aumento rexistrado en Galicia no ano 2018, no último ano prodúcese un descenso do número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, que se sitúa en 4.692 persoas, un 22,9% menos que no ano anterior (1.391 persoas menos). En relación ao acontecido no conxunto do Estado, Galicia acolle o 5,3% dos traballadores afectados, cando no ano anterior esta porcentaxe situábase no 8,3%.

O descenso no número de persoas traballadoras afectadas por procedementos de regulación de emprego ven motivado en exclusiva pola caída das suspensións de contratos comunicados á autoridade laboral no ano 2019 en Galicia (2.387 traballadores menos), que com-

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2018-19: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2018

	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Ambas xornadas	149,5	151,2	163,8	164,9	163,9	166,5	145,8	146,4
Xornada a tempo completo	168,9	169,3	170,6	171,3	170,8	170,9	168,3	168,6
Xornada a tempo parcial	88,2	85,1	94,8	104,6	87,1	66,0	87,8	83,6
Horas pagadas								
Ambas xornadas	149,9	151,5	164,7	165,9	164,4	166,6	146,1	146,5
Xornada a tempo completo	169,2	169,6	171,5	172,5	171,2	171,1	168,5	168,6
Xornada a tempo parcial	88,7	85,3	95,0	103,7	87,1	65,9	88,4	84,0
Horas efectivas								
Ambas xornadas	128,7	129,9	139,5	140,6	144,3	144,0	125,6	125,9
Xornada a tempo completo	144,9	144,8	144,9	145,8	150,2	147,7	144,3	144,1
Xornada a tempo parcial	77,9	75,6	83,9	91,1	78,0	58,9	77,6	74,5
Horas non traballadas								
Ambas xornadas	21,5	22,0	25,6	26,0	20,3	23,0	20,8	20,9
Xornada a tempo completo	24,8	25,3	26,9	27,2	21,3	23,7	24,5	24,9
Xornada a tempo parcial	10,9	9,9	11,4	14,0	9,2	7,1	11,0	9,6
Horas extras por traballador								
Ambas xornadas	0,7	0,6	1,2	1,3	0,7	0,6	0,6	0,5
Xornada a tempo completo	0,7	0,6	1,3	1,4	0,7	0,6	0,6	0,4
Xornada a tempo parcial	0,7	0,5	0,4	0,4	-	-	0,7	0,5

2019

	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Ambas xornadas	149,5	151,1	163,5	165,2	164,3	167,0	145,9	146,2
Xornada a tempo completo	168,7	169,3	170,5	171,2	170,7	170,5	168,1	168,6
Xornada a tempo parcial	88,7	86,2	93,8	102,0	88,8	89,5	88,4	84,9
Horas pagadas								
Ambas xornadas	149,9	151,5	164,6	166,5	164,7	167,3	146,2	146,4
Xornada a tempo completo	169,0	169,6	171,6	172,7	171,2	170,9	168,2	168,5
Xornada a tempo parcial	89,3	86,8	94,1	101,7	88,8	89,5	89,0	85,6
Horas efectivas								
Ambas xornadas	128,3	128,7	138,8	140,3	144,4	144,1	125,3	124,5
Xornada a tempo completo	144,2	143,5	144,4	145,3	150,0	147,0	143,6	142,6
Xornada a tempo parcial	78,1	75,8	82,1	87,1	79,4	80,5	77,9	74,9
Horas non traballadas								
Ambas xornadas	21,9	23,2	26,1	26,7	20,5	23,6	21,3	22,3
Xornada a tempo completo	25,2	26,5	27,5	27,8	21,5	24,2	25,0	26,4
Xornada a tempo parcial	11,3	11,1	12,2	15,2	9,4	9,0	11,3	10,8
Horas extras por traballador								
Ambas xornadas	0,7	0,7	1,3	1,5	0,7	0,6	0,6	0,5
Xornada a tempo completo	0,7	0,7	1,4	1,6	0,7	0,6	0,6	0,4
Xornada a tempo parcial	0,8	0,7	0,4	0,4	-	0,0	0,8	0,8

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.3.5.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2018-19 (1)

	2018		2019											
	Total		Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	49	799	29	560	-	-	16	253	3	167	2	3	8	137
agricultura	-	-	-	-										
industria	13	422	7	157			6	156	1	1				
construción	1	27	-	-										
servizos	35	350	22	403			10	97	2	166	2	3	8	137
número de traballadores														
0-5	23		11				6		1		2		2	
6-30	18		12				7						5	
31-49	5		3				2		1					
50-100	2		2				1						1	
101-250	1		1						1					
251-500	-		-											
máis de 500	-		-											

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.3.6.

Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2018-19

		2018		2019	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		6.083	72.896	4.692	88.927
	Despidos colectivos	979	19.957	1.956	30.871
	Suspensión de contratos	4.939	49.329	2.552	55.285
	Reducción de xornada	165	3.610	184	2.771

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.3.7.

pensa os aumentos rexistrados no caso dos despidos e da redución de xornada (977 e 19 persoas máis, respectivamente).

Conflitividade laboral

Ao longo do ano 2019, en base aos datos publicados na Estatística de folgas e peches patronais do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. realizáronse un total de 95 folgas, 29 máis que no ano anterior, situándose Galicia por detrás do País Vasco, Cataluña, Madrid e Navarra no que ao número de folgas se refire.

Xunto a este aumento no número de folgas, aumenta tamén o número de persoas participantes aínda que se reduce en relación ao ano anterior o número de xornadas non traballadas. Nos conflitos de 2019 participaron 20.881 persoas, un 55% máis que no ano anterior, o que reduciu en torno ás 56.000 as xornadas non traballadas cando no ano anterior superáranse as 62.000.

No ano 2019, Galicia acolle o 8% dos traballadores participantes en folgas en España e o 6,7% das xornadas non traballadas (3,5% e 6,7% respectivamente no ano anterior). O aumento dos participantes en folgas en Galicia, sitúa a nosa comunidade no ano 2019 como a cuarta Comunidade Autónoma en termos do número de traballadores participantes nas folgas así como de xornadas non traballadas, por detrás de País Vasco, Cataluña e Madrid.

Folgas nas CC.AA. 2018-19 (1)

	2018 (2)				2019 (3)			
	traballadores participantes	(%)	xornadas non traballadas	(%)	traballadores participantes	(%)	xornadas non traballadas	(%)
Andalucía	14.119	4,2	25.545	2,8	10.417	7,4	25.104	7,9
Aragón	4.595	1,4	10.820	1,2	6.041	4,3	5.380	1,7
Asturias	2.410	0,7	3.671	0,4	6.934	4,9	12.447	3,9
Baleares	1.659	0,5	2.305	0,3	1.849	1,3	1.759	0,6
Canarias	2.822	0,8	4.994	0,6	1.413	1,0	4.174	1,3
Cantabria	2.790	0,8	2.950	0,3	1.905	1,4	2.558	0,8
Castela-A Mancha	1.256	0,4	3.104	0,3	1.203	0,9	2.504	0,8
Castela e León	9.825	2,9	16.930	1,9	5.786	4,1	6.025	1,9
Cataluña	55.902	16,5	188.392	20,8	23.159	16,4	31.245	9,8
C. Valenciana	8.183	2,4	24.169	2,7	5.337	3,8	8.539	2,7
Estremadura	623	0,2	1.201	0,1	221	0,2	404	0,1
Galicia	13.426	4,0	61.855	6,8	8.283	5,9	12.199	3,8
Madrid	169.555	50,1	425.311	46,9	22.903	16,3	27.326	8,6
Murcia	1.757	0,5	2.419	0,3	312	0,2	687	0,2
Navarra	2.481	0,7	3.407	0,4	4.427	3,1	16.484	5,2
País Vasco	46.630	13,8	129.709	14,3	40.592	28,8	162.106	50,8
A Rioxa	520	0,2	611	0,1	127	0,1	115	0,0
Ceuta e Melilla	118	0,0	238	0,0	16	0,0	48	0,0
Total	338.671	100	907.631	100	140.925	100	319.104	100

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.

(2) Datos definitivos

(3) Datos avance xaneiro-decembro

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.3.8.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2018-19 (1) (2)

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2018	2019	2018	2019
Andalucía	3.838	3.358	3,8	3,2
Aragón	3.303	2.924	6,4	5,2
Asturias	3.445	2.977	5,0	1,9
Baleares	4.996	4.309	0,7	1,6
Canarias	3.531	2.847	2,7	2,1
Cantabria	3.079	2.773	5,0	4,2
Castela-A Mancha	4.084	3.620	4,2	4,3
Castela e León	3.392	2.954	6,1	5,6
Cataluña	3.313	2.753	2,4	2,1
C. Valenciana	3.171	2.798	4,4	3,3
Estremadura	3.804	3.155	5,2	3,4
Galicia	3.514	2.950	6,7	5,4
Madrid	2.784	2.385	2,4	1,4
Murcia	3.514	3.043	4,8	4,0
Navarra	3.747	3.732	2,9	4,3
País Vasco	3.390	3.121	4,4	1,9
A Rioxa	3.620	3.378	1,0	3,2
Ceuta	2.865	2.314	-	-
Melilla	3.626	2.555	-	8,4
Total	3.409	2.949	3,7	2,9

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Os datos de 2019 son avance

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.3.9.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2018-19: continxencias comúns e profesionais

CONTINXENCIAS COMÚNS

	Duración media dos procesos con alta no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
	(en días / ano)		*(%)*			
Galicia	61,39	63,03	18,52	19,98	15.357	17.083
A Coruña	59,50	60,30	19,30	20,22	6.930	7.524
Lugo	70,15	76,01	15,64	16,82	1.433	1.590
Ourense	61,72	58,15	17,11	20,36	1.405	1.705
Pontevedra	61,44	64,32	18,85	20,56	5.589	6.264
Total	38,81	38,50	24,98	27,64	403.710	466.172

CONTINXENCIAS PROFESIONAIS

	Duración media dos procesos con alta no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
	(en días / ano)		*(%)*			
Galicia	49,83	51,22	3,57	3,20	2.986	3.257
A Coruña	48,82	48,41	3,48	3,05	1.260	1.341
Lugo	60,02	64,68	3,04	2,76	306	340
Ourense	49,43	53,45	3,68	3,26	307	339
Pontevedra	48,12	50,01	3,83	3,51	1.113	1.238
Total	38,23	39,35	3,55	3,12	56.178	58.771

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.3.10.

Seguridade e saúde no traballo

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, descendeu novamente no último ano en Galicia ata os 2.950 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra semellante á media estatal (2.949 accidentes con baixa). Segundo os datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, **cadro 2.3.9.**, o índice de incidencia no caso dos accidentes mortais cae en Galicia ata os 5,4 accidentes mortais por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (2,9 accidentes no conxunto do Estado), o descenso neste índice non impide que Galicia continúe ter o terceiro índice máis elevado do conxunto de CCAA, tan só superada por Melilla (8,4) e Castela e León (5,6).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e continxencias profesionais, **cadro 2.3.10.,** mostra como o número medio de procesos iniciados en 2019 é novamente superior aos iniciados no ano anterior en ambos os dous casos. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns e baixa en continxencias profesionais.

No último ano Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada de toda España no caso das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, con 51,22 días de media (39,35 en España). No concernente ás continxencias comúns, en 2019 Galicia continúa como a segunda Comunidade en duración dos

Total de accións formativas (AFS), alumnos e importe aprobado. Convocatoria 2019

	AFS	Alumnos	Importe
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	211	3.086	5.878.761,70
Accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas. Vía ordinaria (Fondo Social Europeo).	1.020	14.432	45.893.263,77
Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	33	372	0,00
Convenio co concello de Sada	1	9	0,00
Convenio Garantía Xuvenil 2018.	4	42	0,00
Convenio ONCE 2019.	11	151	
Medios Propios - Concurso de Lotes	127	1.753	3.179.768,51
Medios Propios - Convenio de Educción	97	1.232	3.895.410,46
Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.	133	1.108	1.764.792,17
Total	1.637	22.185	60.611.996,61

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.3.11.

Accións formativas (AFS) 2019. Alumnos beneficiarios por sexo e grupos de idade

	Total	Sen datos de xénero	Homes	Mulleres	Total	Sen datos de idade	30 anos ou menos	31-44 anos	45 ou máis anos
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	3.086	14	1.820	1.252	3.086	14	1.395	1.285	392
Accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas. Vía ordinaria (Fondo Social Europeo).	14.432	30	6.317	8.085	14.432	19	3.741	5.756	4.916
Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	372	49	185	138	372	49	165	116	42
Convenio co concello de Sada	9	-	1	8	9	-	1	6	2
Convenio Garantía Xuvenil 2018.	42	-	26	16	42	-	42	-	-
Convenio ONCE 2019.	151	-	100	51	151	-	42	49	60
Medios Propios - Concurso de Lotes	1.753	2	1.110	641	1.753	1	469	642	641
Medios Propios - Convenio de Educción	1.232	1	815	416	1.232	1	498	393	340
Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.	1.108	80	864	164	1.108	84	212	599	213
Total	22.185	176	11.238	10.771	22.185	168	6.565	8.846	6.606

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.3.12.

procesos con 63,03 días, fronte aos 38,5 días de media no conxunto do Estado, só superada por Estremadura con 71,09 días de duración media.

Formación profesional para o emprego

Os datos da Consellería de Economía, Emprego e Industria sinalan que, no que respecta ás accións formativas realizadas na convocatoria para o ano 2019, en Galicia desenvolvéronse un total de 1.637 accións formativas, ascendendo o número de alumnos ata as 22.185 persoas, sendo o importe aprobado para estes cursos neste último ano de 60,6 millóns de euros.

Tal como se observa no **cadro 2.3.11.**, o maior número de cursos están dirixidos a persoas traballadoras desempregadas, fundamentalmente a través da vía ordinaria (Fondo Social Europeo) con 1.020 accións formativas ás que asistiron un total de 14.432 persoas (65% do total), ascendendo o importe concedido a 45,9

Accións formativas (AFS) 2019. Distribución segundo actividade

	Alumnos	Orzamentos (en euros)
Actividades Físicas e Deportivas	239	732.038,00
Administración e Xestión	2.858	8.136.720,82
Agraria	446	893.460,67
Artes Gráficas	55	156.263,30
Comercio e Marketing	1.965	5.448.661,45
Edificación e Obra Civil	193	632.686,40
Electricidade e Electrónica	832	3.165.121,51
Enerxía e Auga	350	1.490.085,29
Fabricación Mecánica	2.374	9.944.457,42
Formación Complementaria	1.045	974.047,00
Hostalería e Turismo	1.024	3.068.480,59
Imaxe Persoal	411	1.250.876,28
Industrias Alimentarias	211	639.401,76
Industrias Extractivas	11	48.587,80
Informática e Comunicacións	1.254	4.209.183,63
Instalación e Mantemento	456	1.050.077,79
Madeira, Moble e Cortiza	223	467.098,50
Marítimo pesqueira	9	-
Química	17	16.925,00
Sanidade	502	1.991.895,84
Seguridade e Medio Ambiente	362	663.054,24
Servizos Socioculturais e á Comunidade	4.486	10.835.831,50
Téxtil, Confección e Pel	44	203.178,00
Transporte e Mantemento de Vehículos	2.818	4.593.863,82
Total	22.185	60.611.996,61

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.3.13.

millóns de euros, o que supón o 69% do importe total.

No que ás características dos alumnos se refire, o **cadro 2.3.12.** amosa que en torno ao 48% dos alumnos son mulleres, situándose esta porcentaxe no 56% no caso das accións formativas dirixidas a desempregadas (vía ordinaria). No que á idade se refire, o 39,9% dos alumnos teñen entre 31 e 44 anos, e o 29,8% correspondente aos maiores de 45 porcentaxe similar ao 29,6% dos menores de 30. Entre as accións formativas para desempregados, as máis numerosas, os alumnos cunha idade comprendida entre 31 e 44 anos representan o 39,9% do total, fronte ao 34,1% dos maiores de 45 e o 25,9% dos menores de 30 anos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son as de "servizos socioculturais e á comunidade", con 10,8 millóns de euros, "fabricación mecánica", con 9,9 millóns de euros, e as de "administración e xestión", con 8,1 millóns. En conxunto, estas tres actividades concentran o 47,7% do orzamento total e o 44% do alumnado que asiste ás distintas accións formativas (**cadro 2.3.13.**). ❑